ATENEA



450 Ptas
2,70 Euros



Nº 7

Nº 7

ATENEA
Revista Trimestral
do Ateneo Ferrolán

DIRECCIÓN
E COORDINACIÓN
Ateneo Ferrolán

EQUIPO TÉCNICO
Area Dixital
Óscar Ardao
Javier Pita

REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
Fernando Ocampo Montesinos
Mª del Mar Villares Díaz

ILUSTRACIÓNS
Leandro

REDACCIÓN
E ADMINISTRACIÓN

Rúa Magdalena 202-204 1º
Tel.: 981-357-970
981-354-098

Fax: 981-354-098
ISSN: 1575-9679
E-mail: a_ferrol@teleline.es
Páxina Web:
www.ateneoferrolan.org

COLABORACIÓNS:
Asunción López Arranz
Bea Picos
Rosa Aneiros Díaz
Joaquín Manuel de la Fuente
Sophie Blanchet
Eliseo Zaera Ríos
Eduardo Fra
Tono da Graña
Óscar Ardao Fernández
Pedro Fraga

SUMARIO

EDITORIAL

O longo de vintecinco anos de existencia o Ateneo Ferrolán pasou por todo tipo de vicisitudes e vivencias, marcadas polos tempos que lle tocou vivir e, evidentemente influenciado polas xentes que contribuíron a face-lo andar, dende dentro e aqueles que colaboraron dende fora, particular ou oficialmente.

Todos eles imprimiron un carácter e unha señas de identidade polos cales hoxe é coñecido o Ateneo Ferrolán, tamén dentro e fora, de Ferrolterra e toda Galicia e, tamén en toda España e o estranxeiro.

Para iso foi necesario ter claro, polas sucesivas directivas, que papel debería xoga-lo Ateneo na sociedade partindo dos eixos que definen os estatutos da entidade: a defensa das liberdades e a defensa da cultura, dende o noso propio xeito de ser: Galegos.

Así o Ateneo pasou tempos, como a propia sociedade, reivindicativos, dunha gran participación, outros máis escuros e difíciles, para a continuación momentos cunha grande presencia, tempos nos cales o Ateneo era "necesario e utilizable" e outros nos que era mellor ignoralo, segundo os intereses predominantes. Por suposto que isto último son xeitos de "mirala cousa dende fora", posto que dende dentro as cousas sempre coidamos que estiveron bastante claras.

Isa claridade é a que fixo e fai que o Ateneo teña un nome e un prestixio máis que recoñecido, dentro e fora, e que sexa recoñecido e avaliado por esas señas de identidade das que falabamos, que se basean na recuperación e defensa da nosa cultura, algo permanente no camiñar do Ateneo Ferrolán. E iso non é falar por falar.

Se falamos de música, poderiamos recordar, aparte dos moitos concertos realizados nestes vintecinco anos, que as Xornadas da Gaita entran este ano na súa decimosexta edición; o "Constantino Bellón", único certame internacional dirixido ó noso tradicional instrumento ven de celebra-lo seu undécimo ano; a promoción dos músicos da nosa comarca recóllese nese disco editado de Fiadeiro coas voces de catro mulleres ferrolás.

A súa Bilbioteca-Hemeroteca é única na comarca. A Biblioteca tenta especializarse en fondos bibliográficos de ferrolterra e a súa Hemeroteca mantén prensa dende o século XIX ate o día de hoxe. Dende a instauración da Escola de Bilioteconomia e Documentación no Campus de Ferrol, mantén un Convenio de colaboración polo que os seus alumnos realizan as prácticas no seu terceiro curso.


O cine, actividade clásica no Ateneo sempre foi acompañada por esa loita a prol do teatro galego dende os seus primeiros pasos en Ribadavia, a celebración do 1º e único Encontro Profesional, celebrado na nosa entidade así como con eses Xoves Teatrais que tanto esforzo e dedicación levoulle ós ateneistas, algo agora esquecido por quen non debería ter máis que recoñecemento.

A defensa e promoción das belas artes, en todas as súas facetas tiveron acollida e lugar permanente: exposicións, certames plásticos e de fotografía.. coa súa concreción e continuidade en Feitura, Eidos, Fotografía de Medio Ambiente, etc.

A Solidaried ade ateneista non deixou un espacio libre. Todas as entidades máis importantes tiveron o seu oco nas actividades, por medio de charlas, exposicións, ventas e recollidas de fondos e , ultimamente deixando sempre unha páxinas na revista Atenea para que as persoas e entidades solidarias teñan o seu canle de expresión.


Dese mesmo canle de expresión e utilización dos locais do Ateneo, coa súa política de Portas Abertas, poderían falar, practicamente case que todas as entidades veciñais, políticas, culturais e, sociais, nunha palabra, que saben do tratamento que se recibe no Ateneo Ferrolán.

Todo esto que estamos a falar é unha pequena mostra do traballo e compromiso dunha entidade coa súa cidade, a súa comarca, o seu país e súa xente e que seguirá na mesma liña e polo mesmo camiño, conscientes de que ese camiño é longo e ó andar, ás veces, pódeste trabucar, mais non ten importancia sempre que se teñan claros os obxectivos.



UN RETO E UN DESAFÍO HISTÓRICO

A PLANTA DE GAS



O ATENEO FERROLÁN, como non podía ser doutro xeito, forma parte do COMITÉ DE EMERXENCIA CIDADÁN, constituído co fin de exerce-las accións e medidas legais que se consideren axeitadas para conseguir que a Planta de Gas, necesaria para o desenvolvemento industrial de FERROLTERRA e de Galicia, sexa instalada en CANELIÑAS, e impedir polo tanto que se consume o desastre para a RÍA DE FERROL e o seu entorno, de construíla en Punta Promontorio (Mugardos), como pretende, de maneira obsesiva e irracional, o grupo que preside ROBERTO TOJEIRO, home por outra banda exemplar coma empresario e promotor.

Informóuse moi pouco á cidadanía afectada, directamente MUGARDOS e FERROL, pero tamén ó resto de FERROLTERRA, sobor de todo nos tempos, establecidos por Lei, nos cales se artellaban os expedientes e se solicitaban os permisos para dita instalación.

Hai moitas dúbidas, irregularidades e ata ilegalidades neste proceso. Implicacións de Empresarios, Autoridades e ata cargos institucionais. O propio Presidente da Xunta manifestóu o seu apoio incondicional ó Proxecto en Mugardos, cando aínda non estaba feito o pronunciamento do Governo sobre si se autorizaba unha Planta de Gas en GALICIA.

O ATENEO FERROLÁN, e máis outras Entidades, a maioría veciñais, que compoñen este COMITÉ DE EMERXENCIA, presentou diante da AUTORIDADE PORTUARIA, en tempo e forma, un prego de alegacións (30 follas), no que se expón, analiza e documenta toda unha serie de anomalías, irregularidades e ilegalidades cometidas por FORESTAL DEL ATLÁNTICO e REGANOSA no seu intento, ás veces burdo e fraudulento, por sorprender a todos, burlando as Leises, para instala-la Planta de Gas en Mugardos ó socaire das concesións que ten a primeira nesa zona.

Sería moi longo facer un resumo de ditas alegacións, pero delas podemos extraer un conxunto de preguntas das que, as súas respostas clarificarían dabondo canto estamos a decir.

Ala van:

¿É certo que FORESTAL DEL ATLÁNTICO solicitou e foille recoñecida concesión para movemento de graneles e combustibles para a fábrica de colas e productos semellantes?.

¿É certo que tamén solicitou ampliación de recheo e porto de atraque para o mesmo fin?. Que lle foi concedida e que, pola súa conta aumentóu máis dun 10 % o devandito recheo e zona de atraque?.

¿É certo que REGANOSA aproveitou as concesións que tiña FORESTAL para solicitar, coma un complemento máis, a instalación dunha Planta de Regasificación?.

¿É certo que o anterior Presidente da Autoridade Portuaria foi cesado fulminantemente por non estar dacordo coas irregularidades deste proceso, en definitiva, por manter unha postura que lle honra de respeta-la legalidae aplicable?.

¿ É certo que a Xunta de Galicia asuméu e realizou un informe de efectos ambientáis para a autorización dunha Planta na que éla participa cuin 10 % ¿. ¿ E que o Conselleiro de Infraestructuras da mesma Xunta estivo presente no Consello da Autoridade Portuaria onde se decidíu a concesión?.

Estas e outras cestións e dúbidas, de seren contestadas, servirían para facerse unha idea clara da discutible ilegalidade de moitas actuacións realizadas e que pretenden realizarse en Punta Promontorio.

As alegacións presentadas polo Comité de Emerxencia e , tamén polo ATENEO FERROLÁN rematan plantexando a nulidade de tódalas concesións de FORESTAL, baseada legalidade vixente aplicable a estas concesións. Isto é moi forte, pero esta perfectamente argumentado e documentado.

E para rematar, a CANELIÑAS soio pódeselle opoñer un argumento económico que non debería ter peso ningun diante dunha posibilidade por millón dun accidente, por erro humano ou calquera outra cousa.

PLANTA DE GAS, SÍ!!!
EN CANELIÑAS

Un exemplo de feminismo radical : A revista Vindicación Feminista



Por Sophi Blanchet

Na actualidade, cando alguen auto-proclamase feminista, a xente míralle con moi mala cara. O movemento feminista ten fama de movemento violento, de organizar manifestacións de "mulleres histéricas". A pesar deste tópico, pódese demostrar que o feminismo ten unha historia e que foi unha respuesta bastante suave ós numerosos problemas das mulleres, sobre todo no momento da Transición.

O feminismo pódese definirse como o movemento que preconiza a mellora e a extensión do papel e dos dereitos das mulleres na sociedade. Segundo esta definición, pódese considerar as leis da Segunda República como feministas.

Nas eleccións ás Cortes Constituíntes, tres mulleres son elixidas como diputadas: Clara Campoamor (Partido Radical), Victoria Kent (Izquierda Republicana), e Margarita Nelken (Socialista). Na loita que se entabla para acada-lo voto femenino, Victoria Kent pronúnciase en contra. Será a radical Clara Campoamor quen defenderá este dereito fundamental das mulleres. O proxecto aprobóuse con 161 votos a favor (e 121 en contra). Éra o primeiro paso esencial que recoñecía ás mulleres a nivel político.

Gracias ó Frente Popular e á Segunda República, as mulleres van a obter os dereitos fundamentais para a súa igualdade cos homes, sen moita loita. Co artigo 40 da Constitución, a discriminación no traballo xa non existe : "tódolos españois, sen distinción de sexo, son admisibles nos empleos e cargos públicos(...)". Implántase "a coeducación e maila enseñanza gratuita, obligatoria para ambos sexos". Acéptase o divorcio, e o adulterio femenino xa non é un delito. O Código Civil de 1931 respeta a igualdade dos esposos : a muller pode conservar a súa nacionalidade se casa cun estranxeiro, ten os mesmos dereitos co seu home sobre os seus fillos, etc... Gracias a esta Constitución, España pasa a ser un dos países máis modernos da época. Sen embargo, temos que matizar, porque a igualdade na práctica tardará moito máis

Por desgracia, a partir de 1936, e sobre todo 1de 939, o franquismo opera unha gran volta atrás.

O franquismo significa, en principio, un cambio xurídico moi grave. Cualquera réxime fascista necesita a sumisión da muller para desenvolverse. O único sitio asignado ás mulleres é o fogar. As súas tarefas primordiais consisten en ter un fogar limpo e ter moitos fillos (¡cántos máis mellor!). Esas dúas consignas eran, segundo a ideoloxía franquista, os dous atributos "tradicionais" da muller. A participación da muller na sociedade estará limitada ó mínimo.
Só un pequeno número delas "participa" na política gracias á Sección Femenina da Falanxe e baixo a dirección de Pilar Primo de Rivera. Se podemos critica-la visión que difunde a Sección Feminina, pódese tamén suliñar que gracias ó seu pulo, aprobaráse en 1961 a Lei de Dereitos Profesionais e Políticos da Muller. Fronte á evolución da sociedade nos anos 60, esa reforma era imprescindible. A pesar diso, a Sección Feminina afirmaba que só quería armoniza-lo traballo da muller cos seus deberes familiares. Dese xeito, as tarefas femininas multiplicánse pero as libertades seguen restrinxidas.

A principios dos 70, o papel ambiguo da Sección Feminina exaspera cada vez máis ás mulleres. Se a Sección Feminina sigue a ser, a nivel político e administrativo a única organización autorizada, asociacións femininas e feministas van a crearse, primeiro tímidamente, e logo da morte de Franco, dun xeito máis activo. En 1975, a UNESCO, organiza o Ano Internacional da Muller. Ese acontecemento vai a server de pulo para o feminismo.

Para este acontecemento maior, a Sección Feminina, como organismo oficial, vai a representar a España a nivel internacional. Non embargantes, as numerosas asociacións paralelas elaboran un programa titulado "Para a liberación da muller", presentado oficialmente á prensa o 20 de febreiro de 1975 (na mañán seguinte da inauguración oficial).

A partir desa fecha, esas asociacións empezan a "molestar". O seu programa recolle as firmas de 80 asociacións. Toca temas como l educación, a léxislación, a familia, o traballo, a sociedade e os barrios. Pódese salientar que as feministas comezan a actuar con máis frecuencia durante ese Ano Internacional; conmemoran por exemplo o día 8 de marzo por primeira vez dende a chegada de Franco ó poder. Os días 6, 7, e 8 de decembro de 1975, celébranse as "Primeiras Xornadas Nacionales pola Liberación da Muller" en Madrid. Ese tipo de reunión sigue a ser ilegal pero é tolerado. No ano seguinte, entre os días 26 e 30 de maio de 1976, máis de tres mil persoas reúnense en Barcelona para "Las Jornades Catalanes de la Dona". Constátase unha movilización da poboación cada vez máis importante. Pero ¿ de onde ven esa potencia creciente do feminismo? ¿Por qué reaparece o feminismo dun xeito tan activo nese momento político tan confuso?

Se dende 1975, as reunóns e manifestacións organizadas reúnen tantas personas e tantas asociacióoes, iso quere dicir quela organización das mulleres fixose antes do final da dictadura.

Pero plantéxase un problema: os políticos, os que van a decidir, os que van a "facer" a España democrática, seguen a ser homes na súa grande maioría. As feministas da época decátanse de que as promesas feitas polos políticos só teñen como obxectivo gana-los votos do electorado feminino. Comezan a pensar nunha organización independente dos partidos políticos. A partir dese período, tres tendencias aparecen no feminismo :

Un grupo de mulleres considera que a democracia é primordial na loita política e o feminismo secundario. Incorpóranse nos partidos políticos "clásicos".

Outro grupo, que chamaremos radical, non se quere integrar nos partidos políticos masculinos e reivindica os dereitos para as mulleres como primordiais.

Un terceiro grupo, chamado "Tercera Vía" ou "Línea Barcelona", prefire matiza-las dúas posturas anteriores.

Existíu unha publicación mensual, Vindicación Feminista, que foi un exemplo de feminismo radical.


Vindicación Feminista, revista mensual aparece por primeira vez en xullo de 1976. Dende enton, estará presente nos kioscos durante un pouco máis de dous anos. Ö remate do verán do 1978 as publicacións comezan a ser irregulares. Non se publica en agosto de 1978 (vacacións da redacción); logo, publican un número doble en setembro seguido dunha longa interrupción de cáseque un ano. O seguinte número, publícanno en xullo de 1979 logo dalgunhas modificacións. O formato é más pequeno, a revista é máis grosa. A foto de portada ocupa toda a páxina. O precio de venta aumenta: pasa de 80 pesetas a 100 pesetas, en 1977 para finalmente ser vendido a 200 pesetas en 1979. Co número 28, pódese pensar que desaparece definitivamente a revista coa suspensión da súa publicación. O último número (29) sae en decembro de 1979. Recalcaremos que os dous últimos números de 1979 son monográficos : un analiza as respostas a unha enquisa sobrela sexualidade feminina, e o seguinte trata do divorcio.

O equipo de redacción constituíano exclusivamente mulleres. Carmen Alcalde, fundadora da revista en 1976 xa ten una longa experiencia en periodismo. En 1964, xa fundara a revista Presencia que foi un órgano de oposición á dictadura franquista e pola cal será perseguida varias veces. Entre as colaboradoras, unha personalidade destaca do grupo: a de Lidia Falcón. Despois de comeza-las carreiras de dereito e periodismo, licénciase en dereito en 1961, especializándose en Dereito dol Traballo, Dereito Político e Dereito Matrimonial. Ó remate da dictadura, participa activamente no movemento feminista (interven na Asamblea de Madrid de 1975 e nas Jornades Catalanes de la Dona de Barcelona). En 1976, crea o Colectivo Feminista de Barcelona, a revista Vindicación feminista (en colaboración con Carmen Alcalde) e a editorial "Ediciones de Feminismo S.A". En 1977, abandona o Colectivo Feminista e crea a Organización Feminista Revolucionaria que promociona a creación do Partido Feminista.

As colaboradoras da revista pódense dividir en tres grandes grupos. Cristina Alberdi e Empar Pineda representan o grupo cun compromiso político moi marcado. Cristina Alberdi é a primeira muller membro do Consello do Poder Xudicial. Empar Pineda foi dirixente dos partidos comunista e feminista.

Ana Moix pertence ó grupo literario. A súa obra literaria conten un tono abertamente feminista que volve a desenvolver na rúbrica "Nena no t'enfilis (diario dunha filla de familia)" presente na revista. O último grupo, máis amplo, representado por Marisa Hijar, Amparo Moreno e María José Rague-Arias toca o periodismo.

Ademáis das súas competencias profesionais, esas mulleres foron militantes. María José Rague-Arias,por exemplo, foi militante do Partido feminista dende a súa creación ata 1983.



Con tantas personas competentes e comprometidas, a revista irrumpiría nos medios para "molestar" e ía a converterse en tribuna para difundí-las ideas feministas.

Con Vindicación Feminista non só se trata, como fanno tódolos cidadáns, de loitar para obter dereitos esenciais, senon tamén, e iso é específicamente feminino, loitar para obtela igualdade como a outra metade da poboación.

As condicións políticas de España e o "renacemento" do feminismo noutros países como os Estados Unidos, Inglaterra ou Francia chaman a atención sobre a problemática feminista sobre todo, nas grandes cidades como Madrid e Barcelona. Gracias ó pulo do feminismo estadounidense, numerosas obras femininas e feministas, nas cales as mulleres reivindican unha sensibilidade diferente, serán publicadas. Nos anos 60, María Laffitte, Condesa de Campo Alange publica La mujer en España : cien años de su historia (1860-1960). En 1969, publícase a obra máis importante de Lidia Falcón : Mujer y sociedad. A partir de 1965, obras como The Feminine Mystique de Betty Friedan ou Le Deuxième Sexe de Simone de Beauvoir se traducen. Cando Vindicación Feminista aparece por primeira vez, a editorial é un texto dunha páxina que anuncia ás lectoras (e lectores) o propósito das fundadoras. As súas intencións se presentan así :

Vindicación propónse cubrí-lo valeiro dos medios informativos adicados á muller. Tratar con dignidade os seus problemas específicos de promoción laboral e profesional, deficiencias da lexislación civil e penal vixentes, tódalas dificultades derivadas dunha estructura inadecuada para unha maior participación da muller no traballo asalariado. Discutir, a través dunha correspondenciae dun dinámico intercambio informativo, entre as lectoras e nosoutras, as situacións máis conflictivas na familia. Informar, e recebir información, sobre, e dos movementos de liberación en todo o mundo. Analiza-los temas de actualidade política e cultural que nos afecten, dunha ou doutra forma.

Practicaremos o servicio dunha información profunda e paciente sen deixar nunca de lado a óptica irónica, suxestiva e creadora, que nos dará o descubremento crítico dese enorme, ignorado, potencial que encerra o ser da muller, nunca totalmente asumido, nin reconocido.

Rompe-la alienación dos acostumados tutelaxes. Recoñecernos, e facernos recoñecer, cara ó poder e maila libertade.

A prensa feminina xa existe pero trata de temas de amas de casa con consellos prácticos, recetas de cociña e algunhas páxinas consagradas ó sono, con historias de amor. Vindicación Feminista propónse " cubrí-lo valeiro dos medios adicados á muller", ou sexa, plantexa-los problemas específicos das mulleres, denuncia-las súas causas e consecuencias para atopar solucións e permitir cambios.

Non se trata dun "correo del corazón". As lectoras evocan as súas dificultades cotiáns. O "intercambio informativo entre as lectoras e nosoutras" concretízase nas rúbricas

"mulleres do mundo" e "o buzón solidario". Esas cartas son os ejexmplos concretos dos problemas desenvoltos máis amplia-mente na revista.

As mulleres decátanse de que non están soas fronte ós seus problemas. Unha toma de conciencia da problemática feminina pode ser posible. Vindicación Feminista intenta crear un lazo entre as mulleres ailladas.

Para eso hai que "informar y recibir información sobre os movementos de liberación". Vindicación Feminista tamén quere crear lazos entre as diferentes asociacións. A solidariedade entre as mulleres é necesaria para convencer ó máximo número de persoas para participar na " revolución feminista", para acabar coa opresión.

A opresión manifestase por exemplo, na cultura que vai ser analizada dende o punto de vista da ideoloxía feminista. Na rúbrica "cultura", atópanse críticas de películas, libros, obras de teatro. Realizan entrevistas a feministas. Case poderíase falar de "contra-cultura". Rexeitan no seu conxunto a cultura que corresponde á sociedade patriarcal e reafirman a súa propia cultura moitas veces despreciada ou ignorada. A nivel político, salientan a historia da Segunda República, as leis baixo o franquismo e as reivindicacións para a transición democrática e maila obtención dunha sociedade menos inxusta.

Vindicación Feminista a pesar de ser unha revista radical, quere difundi-la información e coñecer tódolos movementos feministas calesquera que fose a súa prioridade na loita. Intercambiar ideas, informacións é uno dos principios fundamentais.

No número 19, incluso atópase un cuestionario para responder ás "necesidades e desexos de tódalas mulleres" que len a revista. As trinta e dúas preguntas que compoñen a enquisa permitirállles coñece-la identidade das súas lectoras (idade, profesión, situación), os seus compromisos (político, sindical, feminista) e o seu punto de vista sobre as diferentes partes e temas desenvoltos.


Logo desta labor de difusión, Vindicación Feminista desaparece en 1979 definitivamente. As feministas que compoñían o equipo pensaban ter informado ó máximo ás mulleres, esperando moito dos recentes cambios lexislativos e das novas xeneracións.


Non embargantes, estamos moi lonxe de conseguir na práctica a igualdade que de feito contempla a lexislación. É certo que a "revolución feminista" (quizáis a máis importante que coñeceu a España da Transición) permitíu ás mullres saír, non só alguns anos, do seu estatuto de menor e conquista-la libertade sexual, participar no sector laboral e na política nos altos cargos. Non embargantes, as mulleres seguen a vivir dentro do matrimonio como na familia ou no traballo, situacións discriminatorias en comparación coas dos homes. Se as feministas dos setenta decidiran dar unha segunda vida á súa revista, sen dúbida poderían retomar moitas das súas antigas reivindicacións. Se legalmente a igualdade está asegurada, as mentalidades e os comportamentos teñen que evolucionar aínda máis. Con este exemplo de feminismo radical e esta mirada atrás á evolución histórica do movemento feminista, cremos ter demostrado a súa imprescindible existencia.

Sophie Blanchet é unha rapaza francesa que estivo coma lectora no IES "As Telleiras", de Narón durante o pasado curso realizando un traballo sobre a Revista "Vindicación Feminista" que describe con todo detalle a situación cultural, social e familiar da muller na Transición española.




Sophie Blanchet





Nacho Doce

OS PRECIOS DA **SIDA**





En Africa,existen 10 millóns de orfos con sida.En Kenya hai dous millóns de afectados ,e deles, un millón son nenos orfos,que non chegan ós 10 anos de vida. En Nairobi por fin saltaron as chamas cara ó exterior: Un orfanato desa cidade que se chama Nyumbani'house e o seu director, un xesuita chamado D' Agostino, acaban de enfrontarse ás grandes multinacionais dos fármacos. Estan dispostos a comprar os xenéricos contra a sida, por 63.000pts ó ano, á India. Por certo, en España costa o famoso cóctel antisida un millón de pesetas. A Organización Mundial do Comercio defende as patentes das multinacionais sen ningun escrúpulo, e impiden que os paises produzan e comercien con fármacos máis baratos nos paises máis necesitados. D' Agostino dixo ó The Washington Post:" É realmente a cara oscura do capitalimo, esa avaricia dos grandes laboratorios sobre o rehén subsahariano. A XENTE está a MORRER porque non pode pagar os precios tan abusivos ó seu nivel económico. Países como Brasil, India, Tailandia lograron ser autosuficientes en medicinas e poderían vender a paises pobres, a precios baixos, se as normas "farmacéuticas" o aceptaran, ou mellor dito se os paises considerados como do primeiro mundo os deixaran humanamente. Poñamos un exemplo, a multinacional Pfizer vende o fármaco contra a meninxitis (enfermidade asociada ó sida en Africa) a 1.100 pts. a dose,mentres que o xenérico equivalente vale en Tailandia 60 pts. Ou sexa, ustedes, considerados a si mesmos como personas humanas, ¿creen realmente que é normal o aceuptable, que 17 millóns de persoas morran cada ano por non ter acceso económico ós medicamentos básicos?.



Un compañeiro da axencia Reuters, comentábame que si fosen blancos os protagonistas das miñas fotografias o impacto que causarían sería moito maior.....................quizáis sería o momento de pararnos a pensa-lo porque. Hai poucos dias oín decir a José Saramago: Que un amigo poeta descubrira o famoso eslabón perdido, a fronteira entre o MONO e mailo SER HUMANO, somos NÓS.

En futuro hipotético




(Premio Centro Galego de Biskaia en Barakaldo do ano 2000)

Miña benquerida señora,

Podería en calquera momento deixar de escribir esta carta que agora inicio. Podería facelo mesmo antes de comezar porque son plenamente consciente do seu absurdo. E desculpe este comezo tan abrupto, mais a necesidade de serlle absolutamente fidel dende a primeira liña é unha idea que me obsesiona. Si, obsesióname o feito de poder relatarlle todo o que a súa persoa provocou e provoca nesta miña aqueloutrada presencia.

Podería, certamente, comezar de mil xeitos. Ben é verdade que os inicios, vostede sabe, nunca foron a miña especialidade mais, como con dor e tristura descubrirá, pouco queda daquel espírito rebuldeiro que algún día vostede coñecera. Ou crera coñecer dado o turrón empeño por agochar a miña alma nun labirinto de espellos. Queda pouco, apenas unha sombra, un maleficio, un desexo, unha non presencia. Fica algo do que moi ben non sei e agardo esta carta nos revele. Asegúrolle que para min terá tanta dose de sorpresa coma cando un recibe o carrete de fotos positivado. Sempre cremos saber o que temos perante os ollos e á hora da verdade, a realidade dista moito do que, soberbios, quixemos encontrar alén da retina. Desculpe que divague. É outra das pegadas que se me afondan no deserto da alma, esa capacidade de falar e falar sen dicir nada porque resultan, saberá vostede, moitas as horas de soidade que sulcan este meu pasado máis recente. Acumulará, señora, curiosidades e centos de dúbidas no caldeiro desta misiva que hoxe lle chega entre incertidumes e, quen sabe, quizais un aquel de ledicia sorpresiva.

Podería comezar en primeiro lugar dicíndolle o guapa que está vostede con ese seu vestido branco inmaculado froito de horas de clareo na leira a rentes das leitugas da horta. E podería dicirlle tamén que me gusta non só pola súa simpleza, os bordados do peito ou a finura das costuras da espalda. Gústame, señora, pola súa distinción ó levalo, esa elegancia de seu que tanto envexei durante toda a miña vida. Debo confesar que tentei copiala, mesmo recoñezo que foron deshonrosos intentos de roubarlle o cumio da beleza en tantos cantos momentos compartimos. E, sabe vostede, foron moitos. Mais nunca cheguei a bicar os calcañares da súa fermosura, esa salvaxe mestura de saber estar e, á vez, ollada perdida, coma quen soña nalgures. Certo, miña señora, que non é a súa cara dunha



perfección absoluta. Se cadra sexa precisamente esa harmonía de riscos vastamente esaxerados o que a convertía en centro de tódalas miradas. Iso, ou os movementos sinuosos das súas extremidades, herdanza das clases de baile obrigatorias da infancia.

Envexeina en silencio ata límites que terían rozado o fino lindeiro do pecado. De ser practicante do catolicismo tería que me

arrepentir por tal corrupta intención no máis escuro dos confesionarios da igrexa parroquial. Mais iso é algo que, malia as súas pretensións, xamais conseguiu. Refírome, claro está, á práctica relixiosa. A súa devoción cristiá quedaba ben lonxe da miña frenética campaña contra o opio do pobo. Contra o opio do pobo, contra as normas, contra o fascismo, contra a inxustiza, contra el. Seica foi iso o que nos afastou definitivamente. Resultou máis doado botarlle a culpa a aquel home, aquel maldito home que logo a deixou por outra muller máis nova e, debo dicir, ben máis panoia. Pero sabemos que o derradeiro motivo non apousa hoxe nun leito extramatrimonial senón nun culto relixioso, para vostede imprescindible para min blasfemo, non compartido. Porque, certamente, eu non o compartía. Tantas horas investidas en louvar a un deus polo mero feito de crer que existe non me entraba na cabeza, e moito menos con ese seu ronsel, señora, de penurias pendurado ás costas.

Diríame vostede que as cousas veñen así e non se pode loitar contra o destino. Diríame vostede que nunca souben a verdade, que había moito de corazón naquel home, que a fixo feliz e que un cento de cousas máis. O que non me poderá negar é a evidencia. E os berros, os paos, as bágoas secas, os sulcos nos ollos, a fame a fin de mes e o rego lamacento que conduciu ós seus soños aparecen perante os meus ollos como probas irrefutables dunha poceira de amarguras que lle zarrapicaron constantemente o sorriso.

E eu admiraba o seu riso inacabable, a súa digna presencia malia as humillacións, a súa forza para non mergullar na abulia do que non ten máis miras ca unha mañá de choiva eterna. Tal vez por iso a quixen tanto como para afastarme de vostede antes de que me arrastrara consigo ás profundidades do abismo de quen agarda sen descanso.

Podería dicirlle que me arredei conscientemente. Vin nos seus ollos como pouco a pouco se perdía o meu reflexo ata se transformar nunha estrela lonxana. E a faísca que lle brillaba inconsumible deixou de ser miña, ou parte de obra miña. Unha especie de castigo por non querer deixar o mundo e virse comigo. Virse comigo a un universo onde o futuro non fora a ameaza de labazadas ó día seguinte. En realidade foi isto que agora lle confeso, entrecortadamente pola emoción, a causa da miña marcha. Abrolloume na alma un sentimento con doses semellantes de furia incontida, de turra atroz contra o devalo, de autosuficiencia todopoderosa, un algo de vinganza e lixeiros adobios das herbas da ira. Para arredarme do inferno que a circundaba, señora, ese inferno ó que me dirixía sen roteiro e do que, cría, acababa de me escapar. Foron anos de loita contra el, contra vostede, e contra eles.



Contra eles porque supoñan a opresión, a inxustiza, o fascismo, a negación da identidade, a aberración de todo o que eu cría e un día aprendín nas aulas universais da rúa. Aí onde vostede nunca gobernou e permitiu con maior ou menor intención coma unha saída liberadora do seu propio cárcere doméstico. Porque a rúa, esa aula sen tellados ós soños fíxome depósito de mil discursos, palabras de liberdade e futuro mais tamén o escenario das manifestacións prohibidas, das persecucións, dos paos e a antesala da prisión. Ese antro entre reixas onde vostede nunca me quixo ver e mesmo me negou do meu propio pasado, coma se nunca tivera existido e fose só un pesadelo atraínte do sono de adolescente. De adolescente que adora a Che Guevara e chora coas letras de Silvio Rodríguez. Coma se non fose eu e as pegadas dos lategazos nas costas, os restos de cuspe na cara e o ronsel de insultos e humillacións non... porque non era posible que me acontecese a min.

Queimou vostede todo canto restroballo encontrou, calquera testemuño dunha posible rebeldía. Queimou ata a palabra que nunca lle devolvín e me rozou a lingua con sacho inmundo ata convertela nun terreo ermo de sentido. Fuxín unha vez máis para non vela. Para que non me chorasen as súas verbas amables, as súas caricias ás agachadas, as súyas curas que me sabían máis á caridade cristiá ca ó amor que, tiña a certeza, me profesara. Coma Mizar e Alkor, estrelas dobres que xiran darredor de si mesmas en órbita semellante ante a fin dos tempos, vostede e máis eu comezamos a virar cara a cara, rostro a rostro sen achegamento posible. Ata que aconteceu e el marchou.

Vostede, miña señora, aturou a súa ida con resignación relixiosa que me encheu de carraxe. Máis, aínda se cabe. Xúrolle que a tiña por tan forte, tan digna, tan sobrehumana, que nunca soñaría o que logo sucedeu. Porque sucedeu e non foi un pesadelo me repito día a día para acabar de crer o baldío de seus ollos.

Señora, como se lle escapou o siso, como o silencio lle roeu desesperadamente o cerne da vida, como me escorregou vostede polos dedos da razón. E o peor de



todo foi ser plenamente consciente de cómo a perdía segundo a segundo, latexo a latexo. Como o corazón fóiseme achicando coa mágoa ata caberme nunha presa de senrazón e como a compaixón desmedida puido máis ca anos de rencor. Como, señora, de tela empoleirada no altar da paciencia e beatitude arrastrei a súa imaxe comigo ó foxo da miseria humana. Como, señora, como tantas cousas.

Podería dicirlle o que me doen hoxe as súas mans cansas, o seu mirar perdido, a lentitude de seus acenos, a sosegada templanza das súas enrugas, as penurias que lle brillan no pelo, o silencio amargo do seu corpo todo.

Podería dicirlle, señora, o que me manca a súa soa presencia á miña beira nas noites de xeada, no devalo da tarde, cada mencer cando o sol estoura no ceo. Podería dicirlle, señora, malia que me pese, o moito que a botei de menos durante todos estes anos en que a vin sobrevivir nun plano paralelo ó meu andar. Podería dicirlle o que a quixen en silencio cada noite ó deitarme e cada mencer ó abrir os ollos e tamén a soidade aterradora de tela tan perto como para poder tanxela e ter que parapetar un muro de fume como manifestación dun desacordo. Para deixarlle ben claro que non aceptaba a súa submisa derrota, a súa paciencia, a súa caridade para co resto e carente de respecto para consigo mesma. Podería dicirlle agora e milleiros de veces máis que o sinto, que non mereceu a pena, que, quizais, a súa e a miña eran a mesma loita enfocada dende regos ben distantes. Podería... señora, podería tantas cousas.



Podería chorarlle, suspirarlle e mesmo suplicarlle cos xeonllos afincados na terra, suplicarlle desesperadamente, suplicarlle, en definitiva, unha mínima parcela de perdón. E recoñecerlle o moito que me trabuquei, o moito que me arrepinto, o moito que se me escapa un lamento polo que me roubou o orgullo e o tempo. Podería señora, podería tantas cousas: algunhas inmensas, outras cativas, tanto que podería cualificalas como aparentemente insignificantes, outras tristes, outras divertidas.

Podería... xa non sei o que con tal de non deixar de garabatear trazos con esta pruma coa que hoxe lle escribo. Porque non aturo a idea de rematar esta carta e deixar de falarlle de tantas cantas cousiñas me pisan o pensamento e maila alma. Coma se cando apouse o bolígrafo se me escapase vostede para sempre ou alomenos o feito de poder dicirlle... poder dicirlle...

Que absurdo, aferrarme a un obxecto de plástico e tinta para poder seguir soñándoa cando vostede respira acó, pegadiña á miña beira. Cando vostede olla ó mar con fruición porque, non lle dixen, eu tamén estou a ver o mar, ese mesmo mar que vostede espreita. Cando vostede perde os sentidos na superficie celúrea do infinito e sorrí suavemente para os seus adentros sen deixar que ningunha emoción chegue ó seu rostro.

Cando vostede espeta os seus ollos baleiros nos meus inzados de nada e dime "Desculpe, non a coñezo, ¿podería levarme á miña casa? Vivo perto e acó vai frío xa. Gracias, é vostede moi amable" Cando a min se me tronza a alma en anacos de cristal sangrantes e lle sorrío desesperada namentras a collo do brazo e a levo camiño do lar. Podería dicirlle mil cousas pero se me escapa e agora debo deixar o bolígrafo, asinar esta carta e convertirme de novo nunha estrana para vostede. Esa que lle dá de comer e a leva de paseo de tres a cinco da tarde. A que hoxe podería dicirlle "madre, síntoo. Síntoo todo" se non fora demasiado tarde e o Alzheimer non lle roera a memoria toda. Se tal rato famento de miserias non lle bebera a auga das lagoas do pasado; se a enfermidade esa non lle crucificara as lembranzas nun madeiro de toxo sen flor. Miña benquerida señora, se non me roubara a posibilidade de ser a filla que lle negou a loita contra o opio do pobo, contra as normas, contra o fascismo, contra a inxustiza. A loita, en definitiva, contra o seu home contra o meu pai

Rosa Aneiros Díaz



PARNASO



Autor: Alexandre Nerium


De prohibirte, argazo, o teu retorno ó cope,
de emborrallar mamilas para que o leite se augue,
de cargar co desazo dos furacáns exangües,
de posuírte... abrilas o que de inverno xorde.


Por máis que te silencies o mar de sempre é infame
aínda que presencies finada outro remosque.
Non has facer o morto senón para chegares
á beira en que, ás avesas do arpón, nazan remoles.

Xacode esas promesas tabernarias, desóeas
coas sabas doutro porto, sen pranto e con axóuxeres.
¿ Ademáis deste absorto confín, quen te acubilla?.

¿ Quen calma o que profesas?, ¿é o sal que te perdoa?.
<< I se acaso das ilesas axadas fora roce
e dos días sen orto engalgárane as quillas ¡ >>.

(De: "Vagas en espiral").
Inédito





Hei naufragar nas vagas dos teus ollos
onde a brisa é dozura e o mar tenreza
envolto entre sargazos furibundos
que me gaduñen feros as espaldas.

Hei reflectir nas ondas intanxíbeis
o pélago onde afondas as meixelas,
os penedos sinceros do teu hálito,
os temporais severos do teu ventre.

Hei falecer nas dondas aureolas,
no pube onde me escondas o desexo,
nos manantiais austeros dos teus beizos ...

E curarei as chagas co sal morno
que mana da fondura do teu corpo
até perder os azos que me erguen ...

(De "Vagas en espiral")

Autor: Alexandre Nerium

Quen dará morte ao mar que percorreu o olvido
Esgotarei os ollos contemplando o abrinte,
derramarei as pálpebras mergullando-ás no mosto
mais nocturno, mais meu, mais para sempre tido.

Román Raña

No tránsito: as gamelas encalladas na rampla,
as pezas encascadas ennegrecendo a area,
os ensebados imos subindo azuis bucetas,
o escálamo, os estrobos agardando na praia
o destonar do axexo da muda primavera.


Eramos tan cativos, gotas de madrugada,
axóuxeres de nácara rebuldando coas trallas
dun trasmallo esgazado nado coa nordesía
que esquecera a marmaña que ía esponxando ás cristas
dun mar de fin da terra a se espetar nas táboas.

Dende a embazada fiestra medraban as meniñas
batiscafos do algarve no aló de nós repunte,
da ucronía do foque sentinelas da brisa,
labirintos de xerfa salvagardando o lume
das descorzoadas ascuas en marzo esvaecidas.

Pensar na tempestade feita acougo onda o estrume ...
Dos días olvidados o po entre lusque e fusque.
Instalarse no amor, canto custaba, erguémonos ...
alleos á seraogna, á esmundez do cardume,
por deluvar luzadas ... para matar o tempo.

Pero sen darnos conta airexa, o mar sedento,
o que xanta connosco despois de cada ceifa
-memoria doutros corpos- acostumounos cedo
a forma que arma o esmallo, o anzol do pincho, o remo ...
¿Lémbraste ...? ¡Pervivía nos rostros a incerteza!.

(De Vogar de Couse)



AFAL - FERROLTERRA



MILAGROS PRIETO

nosa asociación xorde en novembro de 199, cando un pequeno grupo de persoas cun problema común -ter un familiar afectado pola enfermidade do Alzheimer- fai un chamamento a tódolos cidadáns da nosa comunidade para proporlles unirse e dese xeito traballar para activa-los recursos necesarios que faciliten o correcto enfrontamento a esa devastadora enfermidade que nos priva da nosa capacidade intelectual impedíndonos o nos poder defender e controla-la nos propia exiostencia.

Dende ese intre, comezamos a trabllar, en primeiro lugar para constituírnos legalmente (obxectivo acadado este mesmo ano) e deseguido para aportar ós nosos membros orientación sobre o desenvolvemento, evolución e problemas que xorden arredor do enfermo de alzheimer, tales coma:

- Información arredor da enfermidade e as súas fases.
- Como defronta-los problemas que se plantexan a cotío.
- Orixe, causas e tratamentos.

Tamén algo prioritario, no noso facer, foi a difusión social. Estivemos presentes en tódolos lugares, tales como: Concellos, Asociacións de Veciños, Aulas da Terceia Idade, Centros Culturais, etc.

Sempre que se nos chama, acudimos para dar un fidel refrexo da realidade, sen alarmismo pero con firmeza, tendo en conta a progresión que a "Enfermidade de Alzheimer" terá nos vindeiros anos.

O noso andar, non está libre de dificultades, pero tamén tivemos grandes satisfaccións, por sinalar algunha, como á ledicia de recibir o recoñecemento da prensa, na miña persoa, que nos adxudicou o premio "Voz do Ano á Solidariedade".

Todo iso non fai máis que darnos forzas para seguir a plantexarnos novos proxectos.

Na actualidade, neste último ano, duplicamos o número de socios, somos mási de 120 familias xunguidas arredor dunha mesma causa.

Nestes intres a nosa actividade organízase como sigue:

1) Dirixida ós doentes
2) Dirixida ós cuidadores
3) Difusión social

Dentro do programa dirixido ós doentes de Alzheimer, prestamos dous servicios de suma importancia: temos iniciado "Los Talleres de Memoris", que son uns espacios para a rehabilitación mental ou cognitiva, onde os enfermos realizan exercicios de Psicomoticidade, musicoterapia, relajación, orientación á realidade, etc. Son indicados para os doentes en fases moderadas ou moderada-grave. Tódolos enfermos reciben un trato individualizado a pesar de integrarse nun grupo, motívaselles, tranquilízaselles e respétaselles.

O segundo servicio, diríxese a doentes en fase grave (enfermos domiciliarios) e ó seu entorno familiar, para iso contamos cun grupo de voluntarios formados polos profesionais colaboradores da nosa Asociación.


No programa dirixido ós cuidadores, ofrecemos servicios de relaxación, grupos de autoaxcuda e apoio, asesoramento, tanto psicolóxico como social e xurídico, asemesmo contamos cunha logopeda e personal de enfermería.

O programa de difusión social, ofrece tódolos anos unha "xornada" onde se fala en tres mesas redondas dos aspectos máis avangardistas da enfermidade de Alzheimer e a s súas familias. Tamén realizamos múltiples charlas, coloquios,... pola nosa comarca.

E para rematar dicir que, AFAL-FERROLTERRA é o nome da nosa asociación, que ten ámbito comarcal, que estamos na rúa Chile, 2-4, entrechán dereita, no barrio de Ultamar e que, todo canto facemos e queremos seguir a facer, non seríamos quen sen a solidariedade dos nosos conviciños, a súa colaboración e maila súa comprensión.

Gracias a tódalas entidades que nos axudan a financiar parte dos nosos proxectos e non esquezan que somos un punto de encontro para todos aqueles que teñan un ser querido ó que, un profesional, calquera día dílle algo tan terrible coma "Súa nai, pai, esposa/o ..." ten un:
"PROBABLE MAL DE ALZHEIMER"








COMITÉ ANTI-SIDA FERROLTERRA
LAZOS

Fernando VI, 18 Bajo
Télefono 981 350 777
15403 FERROL



O Comité Antisida LAZOS xurdeu como resposta ós problemas dun grupo de persoas, infectadas polo virus de inmunodeficiencia humano (VIH), e outras non afectadas pero preocupadas pola situación.

Dende o ano 1992 as persoas promotoras, residentes na bisbarra de Ferrolterra, comezaron dun xeito organizado a poñer en común as súas propias experiencias, dificultades, alternativas e compromiso para mellora-las condicións de vida e evolución dos cidadáns enfermos de SIDA.

Esta infección, identificada nos Estados Unidos nmo verán de 1981 xenerou dende o comezo unha grande alarma social. Os priemiros afectados padeceron o fracaso, non so dos tratamentos para combatí-lo virus, senón tamén o, tantas veces repetido, rexeitamento e dificultades da sociedade para asimilar problemas e comprender situacións que perxudiquen ós seus membros.

Hoxe, vinte anos despois, conseguíuse mellorar bastantes das condicións que rodean ós enfermos. Principalmente no aspecto dos tratamentos farmacolóxicos e na detección das formas de transmisión. Pero tamén, hoxe, vinte anos despois, sigue a manterse o erro de discriminar, rexeitar e ignora-las condicións dos que padecen a enfermidade.


Como resposta ó "vacío" social e institucional que destendeu as personais, sociais e familiares condicións arrancan iniciativas cidadáns e organízanse en asociacións para dar unha resposta ás forzadas necesidades que sufren os afectados.

Isto ocorre en todo o mundo e tamén en Ferrol. Sobre o "modelo" doutras iniciativas próximas, o Comité AntiSida CASCO, da Coruña, por exemplo, organízase formalmente LAZOS no ano 1995.

A Asociación realiza o primeiro acto público o día 1 de decembro de 1995, adheríndose ó Día Internacional da SIDA. Durante estes anos colaboraron moitas persoas desinteresadamente e ofrecéronse servicios, medios, apoios e atencións que asamos a precisar.

- Atención e difusión en medios escolares e cidadáns de riscos e conductas.
- Facilitación de preservativos, soportes informativos e instrumental seguro para conductras de risco.
- Presencia continuada nos locais do Comité LAZOS atendido por expertos e técnicos
- Grupos de autoapoio.
- Talleres ocupacionais.
- Cursos de prevención e atención entre consumidores de drogas.
- Limpeza de lugares con risco de infección
- Atención a enfermos hospitalizados e en domicilios.
- Denuncias de tratos discriminantes
- Acompañamento e mellora de uso dos tratamentos.
- Información sobre recursos para detección da infección.
- Conductas de convivencia axeitada.
- Talleres de Alimentación e Nutrición.

e calquera acción, ó noso alcance para paliar e eliminar respostas que perxudiquen ós afectados.



...mos con outras asociacións presentes na Comunidade Autónoma e do Estado e a tra... participamos en iniciativas que exceden as nosas posibilidades actuais (Lexislación perxudicial, atención a condicións en prisión, inserción laboral, denuncias en diversas instancias, etc.)

Sobre o xa citado 1 de decembro, localizado como celebración anual internacional, non deixamos de aproveitalo para convoca-los avances ou dificultades sobre a SIDA.

Somos unha organización sen ánimo de lucro. Tódolos servicios que realizamos son de carácter gratuíto e recibimos subvencións para os proxectos por parte da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia. Tamén participan os socios cunha cuota de 3000 pesetas, aberta a tódalas persoas preocupadas por mellora-las necesidades dos afectados. Aceptamos colaboracións personales e compensamos con todo o apoio e servicio que poamos ofrecer.

Non recibimos axudas económicas por outro medio que non sexa na Conta Corrente da Asociación e agradeceráimso que calquera ingreso que se faga veña acompañado da identificación e domicilio para poder remitir información.

Joaquin Manuel de la Fuente
Comité AntiSIDA LAZOS



Eliseo Zaera Ríos




Sendo a cultura o desenrolo dos valores, das virtudes, do mellor que teñen as variadas potencialidades do ser humano, estamos a vivir, nestes tempos, momentos de grandes confusións, tensións e desconcerto diante do que nos ofrecen cada día os medios de comunicación: preparacións bélicas de grandes dimensións sen saber moi ben aínda contra quén, efectos e consecuencias, moi pouco espectaculares agora, despois do impresionante impacto producido pola visión en directo de barbarie destructiva do 11 de setembro en EEUU, intentos sutís de polarizar i enfrontar dúas das grandes culturas do mundo actual, a occidental e a islámica, a súa vez compostas por importantes subculturas ben diferenciadas, as permanentes tensións, polas limitacións da mente humana, que teima permanentemente por globalizar, por simplificar, por xeneralizar, etc., etc.. producindo con demasiada frecuencia desviacións graves na análise dos acontecementos e aínda afirmacións ofensivas para uns e para outros, co cal, se non poñemos moito coidado e sentidiño podemos chegar a un punto de confusión e de imposibilidade de entendemento coma no Babel bíblico.

Claro que todo é cultura, todo e proceso de evolución positiva ou negativa, para riba ou para baixo, para diante ou para tras, pero é evidente que ós que nos toca vivir estas situacións, e moito máis, ós que lles toca enterrar os seus mortos non é fácil que teñan tempo para tantas reflexións e para valorar o avance ou retroceso de "maduración" desta humanidade que por momentos e por áreas xeográfica, ás veces, parece perdida.

O mundo occidental ten que demostrar a súa maior madurez e nivel civilizado. Aí quero ver, intuír, pequenas sinais de que, quen ten maiores posibilidades, maior poder e forza, ninguén llo discute, vai demostrar agora, non o fixo antes, a súa primacía no nivel cultural e de respecto ó ser humano, por riba das ideoloxías e das burradas individuais ou sectarias.

ELISEO ZAERA RÍOS







A ACTUALIDADE DE LISÍSTRATA



Por desgracia moito do que se di de Lisístrata ten actualidade. Cando Aristófanes escribiu esta delirante comedia había guerra, e toda a obra e un alegato contra as mentiras da guerra. Pero sobre todo é un alegato contra o que podíamos chamar a cultura "masculino dominante". Pero eu quería engadirlle ou explicitarlle aínda mais elementos, algúns deles quitados doutras obras do propio Aristófanes. Unha das obras máis críticas trata das mentiras dos filósofos. Sócrates, tido na nosa tradición, case coma un santo laico, en Aristófanes sae coma un mentireiro e trampolán interesado en cobrar polas súas leccións. Na miña adaptación de Lisístrata tamén sae un filósofo "iluminado" contratado polo presidente da república para aleccionar, dar consellos e neste caso aconsellar e convencer ás mulleres de que depoñan a súa actitude subversiva. O filosofo comeza a súa actuación por esixi-la presencia da prensa.

- Filosofía e prensa de leitedille ó periodista da Voz de Galípola - O que filosofía non define non dá existido e aquilo que non sae na Voz de Galípola pois tampouco existe.

- A presión da prensa é permanente no segundo acto da obra. O presidente retende que a rebelión das mulleres non apareza nos periódicos, ou alomenos que teña un tratamento axeitado ós intereses dos homes.

"Do que proclaman esas tolas, nin moco, ¡entendes?

Os militares, enterados de que as mulleres se teñen posto en folga, regresan apuradísimos do fronte da batalla. Dáse daquela unha situación típica. O estamento militar aproveita por ameazar cun golpe de estado. Pero para iso necesita dun bo tratamento periodístico.

¿qué che parece a exclusiva das esquelas dos caídos na guerra?

- Agora si que nos imos poñendo de acordo- contesta o Mercurio.

Toda esta inclusión de personaxes concordan bastante ben co espírito satírico de toda a obra de Aristófanes. Que tal sátira non sentaba ben daquela - supoñémolo, pero iso nunca estorbou que as obras se escenificaran, mesmo en tempos de guerra, que xa é ter amplo sentido de encaixar críticas. Pero que unha sátira ós intereses e manipulacións de hoxe en día teña sido obxecto de boicot na prensa actual, demostra que estamos lonxe da aceptación plena das regras do xogo democrático. Indícanme que en certos "medios" non se encaixou ben a cita sobre unha suposta "A Voz de Galípola".




Unha actriz que sae como muller de Neda cunha banastra de pan comentoume da posibilida-

de de cambiar algo o texto. Ela engadería: Traio uns conerchos recén e empanada de pulpo de Mugardos, pero de pulpo sen gas. Despois cos nervios da actuación esqueceu dicilo, pero iso demostra que a obra pode ter continuidade crítica, con morcillas do momento, espontáneas, libres e frescas. Entendeu perfectamente o sentido da obra. Poucas comedias tan desvergonzadas e espontáneas coma as de Aristófanes. A nosa adaptación é por suposto moito máis doce, asumible e mesmo acata que o orixinal. Na cuestión sexual, algún actor chegoume a pedir ex`plicacións de por que non tiña respectado máis a Aristófanes. Segundo el as esartanas saen prácticamente espidas. Penso que a cousa non chega a tanto, pero se ode pensar ara a proxima. E un espectador maduro - de noventa anos - lembroume aqueles tempos seus das revoistas pícaras. Para el a obra era perfecta para que lle tiveran metido cantanters, danza ....

E unhas raaciñas que andaban por alí, porque actuaban a nai e maila tía, non araron de rir, decíndome despois cando viñeron a que lles dedicara o libro: É demasiado, como mola ...

Hai unha chea de anñecdotas que explican moi ben o efecto que aínda hoxe chega a roducir unha obra como "Lisistrata".

EDUARDO FRA



¿QUÉ COUSA É O ATENEO?

É probable que lles poida parecer a algúns que, como no meu caso, refundamos o ATENEO FERROLÁN hai xa 25 anos, non sería necesario falar de cuestións tales coma da súa ubicación, de que cousas estanse a facer nel, ou das cousas que se poden facer.

Pero o feito é que, dende entón, xa pasaron dúas xeracións (¡uf!) ademais da chegada de miles de estudiantes a esta cidade, e con desexos máis que probables de facer cousas – xeralmente vai implícito o termo estudiante con inquedanzas –

Entón preguntas na rúa como ¿onde está o Ateneo? ¡ah! ¿pero se pode ir? ¿que cousas se fan alí?, etc. nos fixeron pensar na necesidade de facer un tríptico que responda a esas cuestións e que estamos a elaborar para a súa difusión. Como adianto ós lectores de ATENEA ímolo resumir neste apartado.

Constará dunha portada na que se describe a súa ubicación:

- Edificio histórico, enclavado no tamén histórico Barrio da Madalena, a cincuenta metros do mercado central, e que foi restaurado polos arquitectos Alfredo Alcalá e Francisco Iglesias.

Explícase, ademais, como é a súa distribución i o destino que se lle da ás distintas plantas:

- Planta baixa con salón de actos preparado para cen persoas; dispoñendo de megafonía, proxector de cine e de vídeo.
- Primeira planta con servicios, sala de xuntas, secretaría, sala de estar, sala de exposicións e cafetería.
- Planta segunda, adicada a exposicións e laboratorio de fotografía.
- E terceira planta, na que están emprazadas a Biblioteca e a única Hemeroteca de toda a comarca.

Para rematar, faise unha reseña das actividades permanentes, así como das posibilidades para outro tipo delas:

* Certame EIDOS de Escultura
* Certame Fotográfico sobre Medio Ambiente
* Concurso Internacional de Gaita Galega "Constantino Bellón"
* Xornadas da Gaita
* Publicación da Revista ATENEA (periodicidade trimestral)
* Publicación anual dun CADERNO orientado fundamentalmente á recuperación histórica do patrimonio cultural de ferrolterra.
* Edición de CD sobre o Concurso de Gaita Galega
* Edición de CD con músicos de Ferrol e Comarca
* Cine todas as semanas (xeralmente por ciclos)
* Coñece o teu patrimonio – Excursións a distintas rutas da xeografía galega.
* Exposicións
* Case que toda a prensa local i estatal
* E un longo etcétera

Por todo elo pensamos que temos que facer un esforzo por dar a coñecer o noso ATENEO có gallo de que os que veñan de novo teñan o mesmo orgullo de pertencer a esta entidade como temos todos os ATENEÍSTAS.

TONO da GRAÑA

O ATENEO FERROLÁN SOCIO FUNDADOR DA ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA E FILIPINA DE ATENEOS

INFORMACIÓN INTERNACIONAL

O Ateneo Ferrolán representado polo seu Presidente, participou a finais de febreiro do 2001 na Asemblea Constituinte da Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos.

Esta Asociación internacional a integran os ATENEOS de todo o mundo Iberoamericano e Filipino: España, Portugal e todos os paises onde prenderon as nosas culturas e linguas. Os días 2, 3, e 4 de outubro se celebrará en LISBOA unha reunión da Xunta Directiva elixida en MÉXICO, Xunta Constituinte, co fin de aprobar os ESTATUTOS.

Tomaron a iniciativa de constituír dita Asociación os ATENEOS que se citan a continuación xunto ós seus representantes.

Esperamos que a partir da aprobación e posterior difusión dos ESTATUTOS virán sumándose a meirande arte dos Ateneos do mundo para formar un Ente forte, representativo e dinamizador das nosa culturas.



ACTA DA ASEMBLEA CONSTITUÍNTE DA ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA E FILIPINA DE ATENEOS

Sendo as 10,40 horas do día 27 de febreiro de 2001, na sede do Ateneo Español de México .C., sito en Isabel Católica 97 esquina San Jerónimo, Col. Centro Histórico, CP 06080, México D.F., deuse inicio á Asemblea constituínte, coa presencia de:

- Ateneo de Jalisco, Lagos de Moreno, Jalisco México, Arturo Azuela, Presidente.
- Ateneo de Ourense, España, Anselmo Lopez Morais, Presidente.
- Ateneo de Reynosa, A.C., Tamaulipas, México, Rodolfo Reyes Rocha, Presidente.
- Ateneo Dominicano, Santo Domingo, República Dominicana, Lic. Henry Mejía Oviedo, Presidente; Lic. Galvez Capriles Báez.
- Ateneo Español de México A.C., México D.F., Leonor Sarmiento Pubillones, Presidenta; Juan Manuel Gonzalez Camarena, Vocal de Relacións Públicas; Concepción Ruíz-Funes, Arquivista.
- Ateneo Ferrolán, Ferrol, A Coruña, Galicia, España, Eliseo Julio Zaera Ríos, Presidente.
- Ateneo Fundación Nabor Carrillo, México, D.F., Daniel Luis Sainz Reynoso, Presidente.
- Ateneo Jovellanos de Gijón, España, José Luis Martínez Martínez, Presidente, Jaime Valentí Abreu, representante do mesmo en Madrid, España.
- Ateneu Comercial de Lisboa, Portugal, Raúl Jose Godinho Dias, residente

Atenea

por Arts Duna Crafst

"He venido yo misma desde el cielo para apciguar tu cólera, si obedecieras (...) habrá un día en que tantos espléndidos regalos, triplicados te serán ofrecidos a causa de este ultraje. Tu ahora contente".

Isto foi o que lle dixo ATENEA a Aquiles cando desenvainó a súa espada contra o rei Agamenón por Briseida, a amada de Aquiles.

Arts DUNA Crafts e seleccionada para a realización da peza institucional do Ateneo Ferrolán; un orgullo que nos colma e impulsa a poñer todo o coñecemento e habilidade necesario. Chámanos a atención que nas representacións ás que accedemos, ATENEA non se protexe nunca co escudo, senón que aparece como un apoio. De postura relaxada e xesto pacífico esta diosa parece propoñer a intelixencia e a calma como norma na convivencia. Así, con estas referencias, comeza o modelado desta escultura entre escritos estendidos sobre a mesa e susurros de lecturas que inspiran á escultora a dotar á Diosa seu carácter.



A ATENEA do Ateneo Ferrolán, servirá a todos aqueles que a poidan admirar de faro de sabedoría como inspiración para lograr a convivencia perfectas dentro e fora. Basta unha sola mirada nun momento no que nos encontremos desairados, ofendidos ou angustiados para que esta muller nos diga:

"He venido yo misma desde el cielo para apaciguar tu cólera, si obedecieras (...) habrá un día en que tantos espléndidos regalos, triplicados te serán ofrecidos a causa de este ultraje. Tu ahora contente".

BIBLIOTECA- HEMEROTECA ATENEO FERROLAN

Ó longo do ano pasaron pola biblioteca 806 persoas, que solicitaron de nos diferentes servicios: estudiaron na nosa sala, realizaron consultas ou solicitaroon préstamos de libros, ademáis de diferentes informacións.

É evidente que o máis destacado e o número de persoas que se acercaron a nos polos fondos da hemeroteca,xa que acudiron a consultala 336 persoas. O que temos que engadir que contamos con 344 cabeceiras de prensa, que incluen xornais e revistas de todo os século XIX e XX.

Dentro do servicio da hemeroteca, incluense a reprografia, e hai que resaltar que fixemos, o longo destos meses 1272 de prensa.


A biblioteca conta na actualidade con 6200 volumes; de éstos, no periodo que nos ocupa, incorporaronse a biblioteca 174 exemplares.

De ésta última cifra, hai que destacar, que por parte da entidade compraronse 27 libros, e que os 147 restantes foron donados, por diferentes institucións e organismos oficiales.

As institucións, máis destacadas, cos que habitualmente mantimos contacto e intercambio de publicacións son:

*Xunta de Galicia
*Concello de Ferrol
*Revista de Estudios Mindonienses de la Diócesis Mondoñedo-Ferrol
*Club de prensa de Ferrol
*Círculo Filatélico de Ferrol
*Concello de Pontedeume
*Concello de Betanzos
*Fundación Pedro Barrié de la Maza (Coruña)
*Archivo del Reino de Galicia
*Deputación Provincial de A Coruña
*Fundación Eugenio Granell
*Instituto Ramón Piñeiro (Santiago)
*Centro Dramático Galego
*Asociaciones de Ferrol





Tamen hai algunhás editoriais que realizan donacions como: Embora, Toxoutos, "libreria del Campus"

É importante sinalar que tamen se reciben donacións de particulares, neste senso recibimos en datas recentes:
*de Ramiro Pose exemplares das revistas "Mundo" e "Bazán"
*de Fernando Ocampo exemplares de "Socialista"
*de José Luis Bescos Lago exemplares da revista "Mundo" e de ABC

Este ano o Ateneo, e por extensión a sua biblioteca mantiveron o convenio coa Universidade de Coruña-campus de Ferrol, e en concreto coa Escola de Biblioteconomía e Documentación.

En virtude de este combenio 2 estudiantes realizaron prácticas durante 100 horas na nosa biblioteca.

O Ateneo por medio da biblioteca, colabora noutras actividades que se basean na cesión dos seus fondos hemerográficos; en concreto éste ano:
*Diario de Ferrol: co que se colaborou cedendo "Ferrol Diario" para a sección "hace 25 años"
*Editorial Embora: a que se lle facilitou a prensa para a elaboración do seu "Anuario"
*UGT: os que cedimos exemplares de ABC dos anos 20 para unha exposición homenaxe a Pablo Iglesias.

NA HEMEROTECA temos 93 cabeceiras de periódicos diferentes e 291 títulos de Revistas, entre as que se poden destacar algunhas cabeceiras de prensa:

"A Nosa Terra", completo dende 1916
"El Obrero" (1932-1936), encadernado emáis en microfilme
"La Voz de la CONS" (1937), en microfilme
"Fuero" (1938-1939), en micofilme
"Ferrol Diario" (Colección completa encadernada)
"El Ideal Gallego", encadernado, dende 1977.
"La Voz de Galicia", dende 1977 (microfichas, dende 1991)
"El Correo Gallego", dende 1980 (microfichas, dende 1991)
"El País", dende 1981 (microfichas, dende 1991)
"O Correo Galego", dende 1994
Ademais existen diferentes xornais editados no século XIX e principios doXX, como:
"LaDescripción del Reyno de Galicia (Juan de Molina, ano 1551)
"La Ilustración", editado en Madrid, no ano 1851
"La primera enseñanza" (Revista de 1862-1863)

Informe correspondente o ano 2000

Web do ATENEO

Esta paxina web é un proxecto que tentará reunir as caracteristicas necesarias para representar todas as facetas que conlevan as actividades dunha asociación cultural como é o Ateneo.

Divídese en varias secións que a súa vez poderianse dividir tamén en outras dúas partes, unha parte estática que tería unha función meramente informativa , documental e tamén publicitaria para promocionar todos os actos, actividades, concursos, exposicións, ademáis das instalacións coas que conta o Ateneo. A outra parte da páxina Web seria, por así dicilo, a parte dinámica na que a xente interesada polas actividades poderia contactar con outras persoas que se interesan polos mesmos temas culturais no Chat co que contará e ademáis deixar a sua opinión apuntandose nunha lista de correo tamén propia coa que todo aquel que deixe o seu e-mail recibira as mensaxes enviadas polo resto das persoas que compartan este servicio.

Con todo pretende ser un lugar no que tamén o que antes chámamos parte estática, o sexa só na teoría, xa que na práctica a información estará actualizada para que calquera que teña interese polas actividades que se van desenrolando nun momento concreto podan informarse dun xeito alternativo ós medios tradicionais dunha maneira o máis cómoda posible aproveitando as novas tecnoloxias.

Aparte de todo o aspecto informativo e cultural tamén estará moi coidado o aspecto visual e gráfico que describirei a continuación:

-Unha introducción con unha animación en flash moi chamativa visualmente.

-O menú unha vez entramos dividido en dous marcos:
un deles acompañaranos ó longo de todas as secións da web para pode saltar de unha a outra segundo nos conveña, e o outro móstranos todas as partes ademáis dun breve resumo do que é o Ateneo, despois elixamos a sección que elixamos será este o marco no que se nos mostra a información.

-As secións estáticas serán "Actividades", "Biblioteca", "Concurso de Gaita Constantino Bellón", "Concurso Feitura de Escultura" e "Revista Atenea".

-As seccións dinámicas serán "Chat do Ateneo" e "Lista de Correo do Ateneo".

-Tamen contrá con unha galería na que se poderán ver fotografías antigas de Ferrol e comarca.

Óscar Ardao Fernández



Falamos de:
RACIONALIDADE NA RÍA DE FERROL

Esta é a historia de dúas amigas que dende o seu nacemento estaban predestinadas a non entenderse. Sen embargo, esa falta de comprensión non era provocada por elas mesmas senón polo seu entorno. Ambas as dúas foron desenrolando, có paso dos anos, independentemente unha da outra. De ese modo sabían que non existirían tantas posibilidades de enfrontamento. Agora ben, o problema xurde cando un bo día deciden convivir no mesmo lugar.

Un municipio situado ó NW de Galicia, FERROL, cuxa Ría ten uns 25 km2 cun canal de aproximadamente 2700m de longo por 400m de ancho.

Economía (ECO para os amigos, Don Diñeiro para os coñecidos), é unha persoa importante e poderosa. Cunha boa posición social, envidiada e desexada. Ten un gran número de seguidores e, por que non dicilo, moi importante na sociedade. Profesión: Empresaria.

Bioloxía (BIO para os máis achegados, Ecoloxía para moitos outros), é a "ovella negra" que non "verde" da familia. É sentimental, modesta, sinxela. ¡ En Fin! Moi pouquiña cousa. Profesión: Investigadora.

ECO, decidiu establecerse nesta rexión porque Ferrol é unha comarca que foi maltratada durante moitos anos dende o punto de vista socioeconómico e baixo esta xustificación todo vale.

Pola súa parte, BIO, optó por instalarse na ría pola enorme e importante riqueza ecolóxica que albergan os seus fondos. Cando ambas se reencontraron aquí como o fixeran tantas veces en moitos outros lugares, unha vez máis volveu a xurdir a polémica. Os seguidores de ECO lle recomendan que non teña en conta a BIO porque os seus obxectivos son totalmente distintos. Ela é empresaria e debe de xerar postos de traballo e proporcionar riqueza á comarca. Pola súa parte, os fieis a BIO, seguen a mesma liña que os seus "adversarios " e aconséllanlle que ECO no é boa compañeira, que está corrupia e que destruirá todo o que ela defende e polo que está a loitar, a súa ferramenta de traballo, o medio mariño.

Ante esta situación, debates, manifestacións,enfrontamentos... estanse a desenrolar na nosa comarca. Tanto os partidarios de ECO como os de BIO, é dicir, empresarios, biólogos e ecoloxistas están seguindo unha tendencia similar. Cada cal barre para seu terreo.

Investigación+Desenrolo

Ninguén se parou a pensar, virtude moi escasa nos tempos que corren, que non soamente a presencia de certas empresas pode carrear fortes impactos ambientais, senón que outras moitas construccións que xa existen e están presentes na nosa vida diaria tamén son negativas para o entorno da ría.

¿ Porqué é lícito facer un porto exterior, paseos marítimos, recheos portuarios, portos deportivos..? e ¿ non son lícitas outro tipo de construccións?. ¿ Onde está o límite?.

Hai que ter en conta que certas construccións en caso de accidente non "AFECTAN" á saúde pública, e ademais xeran diñeiro. Nese caso a ninguén se lle ven á mente pensar nos impactos ambientais.

A Ría de Ferrol fai moitos anos que sofre e padece unha falta de ordenación e planificación. Non se tivo en consideración que ademais de posuír unha gran riqueza de flora e de fauna, presenta unha furte tradición marisqueira e pesqueira, sectores que son fonte de ingresos para moitas familias.

Non nos detivemos a pensar que existe o concepto de economía sostible, ou tal vez,¿ é unha utopía ?.

¿ Bioloxía ou Economía?. Non, esa non é a cuestión. O ideal sería non ter que plantexarnos esa pregunta (si é que alguén se a formulase), de ese modo, Bioloxía +Economía poderían formar unha parella ben avenida.

Aínda cabe a posibilidade de que se alguén se a formulase, mais realmente non interese plantexa-la ¿ Porqué?


¿Hai suficiente transparencia na información que se ofrece ós cidadáns?


¿ Son fiables os mal denominados "Estudios de impacto ambiental?"

¿ Está disposta a sociedade a renunciar a unha certa " Calidade de vida" a cambio de encontrar un equilibrio entre intereses económicos e medio ambientais?

Cada cal que busque a súa propia resposta.

Soqui Torrente.
Bióloga mariña.





A CODEA OU O BICHO


Non sei se foi a codea ou o bicho, ou ámbalas dúas. Sei que foi nunha noite de gaita e todos lamberon o bico ó remate.

O Bellón está xa noutros doce fogares, en algúns deles por vez primeira e pode que non sexa a última. O premio económico e a "jloria" de "jaña-lo" foron para Fene, por decisión unánime do Xurado (Javier Rodriguez Fariñas, Carlos Icaza Boado, Juan Rodríguez Silvar e con Víctor Fernández Gabeiras como Presidente) e pola alianza selada esa noite entre o mozo Daniel e Roca, o rei das porcelanas minxitorias. Eso por non conta-la bágoa que se lle escapou o vello Bellón cando escoitou o repicar da gaita do que leva o seu nome sen lazos de sangue.

Outros finalistas tamén quixeron contar coa complicidade de Roca, ou da esquina trala porta onde o vento acompañaba con asubíos os dedos ansiosos. Porque en tempo de guerra calquera burato é trincheira.

Nervios, nervios, malditos nervios. Sóbeche un arrepío que ó pasar pola gorxa convértese en jota, ou en alalá de estrea. Porque esta noite non hai lei que impida que as gaitas canten no templo dos que esperan. E como o fixeron, por separado e todas xuntas. Unha muller de gaita trouxo dende Venezuela a néboa da Ponte de Rande, xusto despois de que todos probásemos o caldo requente de Arteixo, con broa dantonte. A tradición non quixo faltar á cita e mesmo mesturouse unha Negra Sombra cos nomes do Novo Milenium.

Quen dixo ¡probetas fora!. Mirando a sotavento vímolo aforamento dunha jota de auga nun micromatraz, mentres que por barlovento escoitaban ausentes Iván Costa, Suso Vaamonde e Xosé Manuel Budiño.



Os que si estaban decidiron disfruta-lo e emprazarse para a final da próxima edición, a doce, si é que hai sorte co xurado. Foi xa antes de coñece-la decisión colexiada cando a codea e o bicho fixeron boas migas. Sei que foi cando o bicho furaba na cenoria xogando a base de muiñeira. Ese foi o bicho ó que lle cantou Daniel Bellón. O que non sei é que bicho lle bicou a Pedro Lamas Varela para dedicarlle a composición.

Os do Ateneo volveron a monta-la. Tocáronno-la gaita que non estaba destemplada e, como a formiguiña, conseguiron novas partituras para a colección do patrimonio galego que gardan con aire templario como o que respirou Indiana Jones na cova do Grial.

Despois do mergullo, a secarse ben para o próximo. Saúde.

BEA PICOS

11º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2001

En Ferrol a 31 de agosto de 2001, no Auditorio FIMO de Ferrol, o XURADO calificador do 11º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", integrado por :

* Víctor Fernández Gabeiras
* Xabier Rodríguez Fariñas
* Carlos Icaza Boado
* Xoán Rodríguez Silvar

e actuando como secretaria sen voto, Cristina Meizoso Alonso, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de tódolos gaiteiros finalistas,

Acordan outorgar dous accesits de cen mil pesetas cada ún a:

AGUSTIN SANCHEZ IGLESIAS
VÍCTOR IGLESIAS GARCIA

Asímesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o PREMIO UNICO deste 11º Concurso de Gaita Galega a

DANIEL BELLÓN GARCÍA

O Xurado quere facer constar o importante nivel de calidade acadado por tódolos finalistas seleccionados para este Concurso, na súa duodécima edición.

Victor Fernández Gabeiras **Xabier Rodríguez Fariñas**

Carlos Icaza Boado **Xoán Rodriguez Silvar**

Cristina Meizoso Alonso

O Constantino Bellón, concurso de interpretación e composición de música para gaita galega, organizado polo Ateneo Ferrolán, ven celebrando a súa cita anual inequívoca tódolos 31 de agosto, dende o seu nacemento no ano 91. Este Certame pretende manter e potencia-lo xeito de toca-la nosa gaita, con técnicas e xiros propiamente galegos.

Ano tras ano vaise consolidando coma un punto de encontro dos gaiteiros mais experimentados da grande comunidade galega. Un Xurado altamente cualificado encárgase de face-la selección dos finalistas, entre as gravacións chegadas de toda Galicia e de diversos puntos das Comunidades Galegas. Dende o ano 96, na Final participan catro gaiteiros procedentes do exterior, seleccionados por medio do "Gaiteiro de Soutelo" -Punto 5º do Bellón-, que teñen subvencionados os gastos da súa participación por medio da Secretaria das Comunidades Galegas.



Os ganadores das anteriores edicións foron:

Ano 1991. Iván Costa Blanco, de Moaña que interpretou Muiñeira da Xiada e Xota para Ourense.
Ano 1992. Xesús Vaamonde Manteiga, da Coruña coa Xota nº 354 e Muiñeira.
Ano 1993. Juanjo Fernández, de Vigo que tocou Muiñeira da Cabra e Muiñeira picada.
Ano 1994. Xose Ramón Vaamonde, da Coruña coa interpretación de Preludios de gaita e Aturuxeira.
Ano 1995. Carlos Lorenzo Lemos, de Fene, con Troulada de Campañó e Muiñeira.
Ano 1996. Pepe Vaamonde Manteiga, da Coruña, con "Non te namores meniña" (Tradicional) e "Saltareira" (xota), de Pepe Vaamonde.
Ano 1997. Jesús Vaamonde Manteiga, de Ferrol, con "Peizoquiña", de Suso Vaamonde e "Muiñeira do mesón", de Suso Vaamonde.
Ano 1998. Pablo López Torneiro, de Oleiros, A Coruña, con "Valse de Cecebre", de Pedro Lamas e "Postludio Indigestat", de autor.
Ano 1999. Iván Costa Blanco, de Moaña, con "Piricuchiña" e "A gaita de Melchor", de Iván Costa.
Ano 2000. Pepe Vaamonde Manteiga, de A Coruña, "Alalá de Pradías", de Pepe Vaamonde, "415 de Casto Sampedro", "Muiñeira de San Froilán" de Pepe Vaamonde.
Ano 2001. Daniel Bellón García, de Fene, con "A codea de pan" de Daniel Bellon e "O bicho que furaba na cenoria xogando a base de muiñeira" de Pedro Lamas Varela.

1.- A Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón" consta de dúas modalidades, da mesma categoría: "Gaita de Ouro"dirixida á figura do gaiteiro, artesán, investigador ou persoa a nivel individual, e "Gaita de Prata" para colectivos ou entidades:

1) Gaita de Ouro "Constantino Bellón"
2) Gaita de Prata "Constantino Bellón"

2.- Este Premio outórgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidíndo coa celebración do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

3.- Para a nominación de Mencións, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a súa opinión que se reflexará nunha terna de candidatos a valorar, quedando a nominación e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4.- A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeta a ningun tipo de compromiso por ámbalas dúas partes, a non se-lo propio e moral que conleva o recoñecemento público da labor efectuada polos galardonados

MENCIÓNS CONCEDIDAS

*Ano 1995 Mención Gaita de Ouro Quinteto Tradicional "Raparigos"
Mención Gaita de Prata Carlos Zaera Landeira
*Ano 1996 Mención Gaita de Ouro Antón Corral, Universidade Popular de Vigo
Mención Gaita de Prata Grupo Tradicional "Os Garceiras"
*Ano 1997 Mención Gaita de Ouro José Seivane Rivas, artesán
Mención Gaita de Prata Grupo Tradicional "Os Rosales"
*Ano 1998 Mención Gaita de Ouro Emilio Corral Vázquez, gaiteiro
Mención Gaita de Prata Real Coro "Toxos e Froles"
*Ano 1999 Mención Gaita de Ouro Juan Bello Mallou
Mención Gaita de Prata Grupo "Os Montes"
*Ano 2000 Mención Gaita de Ouro Enrique Otero Covelo
Mención Gaita de Prata Asociacion Xuvenil "Xacarandaina"
*Ano 2001 Mención Gaita de Ouro Luciano Pérez Díaz, Artesán.
Mención Gaita de Prata "Faiscas do Xiabre"

CONVOCATORIAS 2002

BASES E PARTITURA



12º Concurso de Gaita Galega
Constantino Bellón

Bases:

1. Poderán tomar párte tódolos gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán ser grileiras, redondas ou tumbais. A interpretación será sen acompañamento.

2. REQUISITOS:

2.1) Os concursantes deberán enviar ó Ateneo Ferrolán (rúa Madalena, 202, Ferrol) unha cinta de audio gravada coa peza "MUIÑEIRA DE CABANA", de M. Figueroa Moreira, facendo constar nesta o pseudónimo adoptado.
2.2) A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3. PLICAS.

3.1) Os concursantes deberán envia-la cinta gravada de audio nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e achegado da seguinte documentación: partituras -orixinal e tradicional-, así como os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
3.2) A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4. As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5. Co obxectivo de promociona-la participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido ós gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado "Gaiteiro de Soutelo".

6. Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros, repartidos do seguinte xeito:
* Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ó Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas bases.
* Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio "Gaiteiro de Soutelo".
Tódolos finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal terase en conta por parte do Xurado.

7. A interpretación no Concurso constará de:

7.1) Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso "Constantino Bellón", e máis da peza tradicional ou de autor.
7.2) A interpretación de ámbalas dúas pezas, no seu conxunto, non poderá excede-la duración de 5 minutos.

Tódolos finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva, Maruxa Seoane, para este concurso, e un diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8. A dotación do Premio será de 300.000 pesetas, con dous accésit de cen mil pesetas

9. O xurado cualificador estimará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

10. Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para iso, deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

11. O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do Concurso coa edición deste en formato cinta de audio e disco compacto.

12. O prazo de inscrición remata o luns 15 de xullo de 2002.

13. A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de agosto de 2002.

14. Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do xurado. A participación no Concurso implica a total aceptación destas BASES.

"Gaiteiro de Soutelo"

"Gaiteiro de Soutelo" (Punto nº 5 do "Constantino Bellón")

a. Co gallo de promociona-la participación da Galicia do exterior no Concurso "Constantino Bellón", a Secretaría de Relacións coas Comunidades Galegas convoca o Premio "Gaiteiro de Soutelo".

b. Poderán participar tódolos gaiteiros dos centros galegos ou institucións da Galicia do exterior.

c. Os concursantes deberán enviar á Secretaría das Comunidades Galegas:

1) Unha cinta de audio gravada -só con gaita, sen acompañamento- coa peza "MUIÑEIRA DE CABANA", de M. Figueroa Moreira, facendo constar nesta o pseudónimo adoptado.

2) Partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este Premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.

d. PLICAS. Os concursantes enviarán a cinta de audio gravada nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fóra co mesmo pseudónimo, deberán facer consta-los datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. Neste deberán incluí-lo orixinal da partitura inédita presentada ó Premio "Gaiteiro de Soutelo", e maila copia da tradicional ou de autor.

e. PRAZO. O prazo de presentación remata o luns 10 de xuño de 2002.

f. PREMIOS. Os premios "Gaiteiro de Soutelo" consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ó concurso "Constantino Bellón", que organiza o Ateneo Ferrolán, o 31 de agosto de 2002, na cidade de Ferrol (Galicia).
* Haberá catro premios

g. No caso de haber unha participación considerable -nunha determinada zona ou área de participación- poderá realizarse unha selección en directo, por medio dun festival, o cal se celebraría durante o mes de xuño e primeira quincena de xullo de 2002. Nestes festivais participarán como finalistas un máximo de dez gaiteiros, preseleccionados por medio das gravacións enviadas ó Premio "Gaiteira de Soutelo".

"Constantino Bellón"

O "CONSTANTINO BELLÓN", é unha plataforma, creada polo Ateneo Ferrolán, para servir de canle de expresión e presentación de novas pezas de autores e axudar a manter e potencia-la música tradicional de gaita galega.

O "CONSTANTINO BELLÓN" é un concurso de composición e interpretación de gaita que pretende mante-lo xeito de toca-la gaita galega con técnica e xiros propiamente galegos.

O "CONSTANTINO BELLÓN" pretende recolle-la mais pura tradición gaiteiril e manter, ó longo dos anos, un lugar de encontro e intercambio para tódolos gaiteiros galegos.

Ó chamarlle "CONSTANTINO BELLÓN", aquel grande mestre gaiteiro, quixemos render unha pequena homenaxe a todos aqueles que, a través dos tempos e camiños cheos de atrancos, souberon manter vivo o son da nosa cultura ata os nosos días.

O ATENEO FERROLÁN, quere expresa-lo seu agradecemento a aquelas entidades e institucións que participan coa sua colaboración e apoio económico; a viuva de Luis Seoane, pola sua autorización para a utilización do seu debuxo, como logotipo do concurso; e como non, a tódolos gaiteiros e persoas que veñen colaborando na elaboración e organización do concurso de gaita galega "CONSTANTINO BELLÓN".

Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón"

O Ateneo Ferrolán, en liña coa súa defensa e promoción das artes, na súa faceta de música, coincidindo co Concurso de Gaita "Constantino Bellón", CREA unha mención honorífica, dirixida a aquelas persoas ou entidades que destacaron polo seu traballo a prol da música galega.

1.- A Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón" consta de dúas modalidades, da mesma categoría: "Gaita de Ouro"dirixida á figura do gaiteiro, artesán, investigador ou persoa a nivel individual, e "Gaita de Prata" para colectivos ou entidades:

1) Gaita de Ouro "Constantino Bellón"
2) Gaita de Prata "Constantino Bellón"

2.- Este Premio outórgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidindo coa celebración do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

3.- Para a nominación de Mencións, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a súa opinión que se reflexará nunha terna de candidatos a valorar, quedando a nominación e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4.- A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeta a ningún tipo de compromiso por ámbalas dúas partes, a non se-lo propio e moral que conleva o recoñecemento público da labor efectuada polos galardonados.

Muiñeira de Cabana

♩. = 110

M. Figueroa Moreira

1. 2.

1. 2.

1. 2.

Ao 𝄋 ata ⊕ e salta a Fin


Fin

DOAR ÓRGANOS É SALVAR VIDAS

ALCER, a doazón de órganos como acción de solidariedade

"...concienciar á sociedade sobre a necesidade de converter a doazón de órganos nun xesto tan habitual como digno de eloxio e recoñecemtno social".
(Martín, Martínez e López, ONT)

A doazón e os transplantes de órganos e tecidos son prácticas habituais na medicina actual. Esta mostra do progreso da ciencia médica posibilita o tratamento dun número elevado de enfermidades que, ata a actualidade, provocaban unha situación moi deficitaria de vida ou a morte de numerosas persoas.
Os avances cirúrxicos e farmacolóxicos favorecen que miles de seres humanos enfermos podan beneficiarse dos transplantes. Este éxito terapéutico aumenta, loxicamente, as persoas candidatas a ser portadores dun transplante, mentres que o número de doadores/as non son suficientes para satisface-las necesidades, aínda que se incrementou considerablemente nos últimos anos.
Neste artigo preténdese amosar brevemente a labor da asociación de doentes e transplantados/as máis antiga do territorio español, continuando cun repaso cualitativo das cifras que adornan esta temática, analizando algúns aspectos destacables e presentando unhas modestas suxestións de actuación, para finalizar cunha proposta de solución ante a urxente necesidade de máis órganos para transplantar. Esta pequena colaboración remata cuns apuntes bibliográficos e unha relación de páxinas web vinculadas á doazón e o transplante.





PRESENTACIÓN, FINALIDADE E ACTIVIDADES

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER) é unha asociación declarada de utilidade pública polo Consello de Ministros celebrado o 21 de Maio de 1993. No territorio español funciona como Federación de Asociacións con delegacións en tódalas provincias do estado.

ALCER ten como finalidade contribuír á axuda social, moral, física e laboral de todas aquelas persoas afectadas por enfermidades de ril e outras susceptibles de transplante, así como a prevención e loita contra estas doenzas, mediante o desenvolvemento de cantas actividades sexan necesarias para logralo.

ALCER Coruña é froito do esforzo dos primeiros enfermos de ril da Coruña que recibiron tratamento de hemodiálise. Nace no ano 1976 ante a necesidade de dar a coñecer á sociedade todo o relacionado coa doazón de órganos e coa insuficiencia de ril crónica.





Ó longo destes anos, ALCER Coruña procura mellora-la vida dos enfermos/as de ril e potencia-la doazón de órganos, actividades que nos posibilitan contar cunha base de datos de máis de 21.000 doadores de órganos contados a partir de 1984, ata daquela, o rexistro de doazóns estaba centralizado en Madrid.

Tódalas actividades desenvolvidas pola asociación son realizadas dun xeito voluntario e desinteresado por persoas asociadas á mesma e simpatizantes e/ou familiares. Dentro das divulgativas poderíamos destacar O día do dador/a de órganos, colocación de puntos informativos nas cidades e vilas máis poboadas da provincia; sen esquece-la colaboración con entidades do ámbito sanitario e social (asociacións de transplantados/as, oficinas de coordinación de transplantes...)e as publicacións

repartidas gratuitamente entre as persoas enfermas. Dende o presente ano, a asociación conta tamén con asesorías do ámbito psicolóxico, laboral, educativo e xurídico, todas elas atendidas dun xeito altruísta por profesionais destas áreas.

A DOAZÓN E O TRANSPLANTE DE ÓRGANOS EN GALICIA E ESPAÑA.FEITOS DESTACABLES E SUXESTIÓNS

A Organización Nacional de Transplantes (ONT) é un organismo técnico do Ministerio de Sanidade e Consumo que ten como finalidade coordina-las activiades de doazón, extracción, preservación,distribución, intercambio e transplante de órganos e tecidos no Sistema Sanitario Español. Dende a súa creación en 1989 (550 doazóns anuais) e ata o ano 2001 (1345 doazóns) realizáronse en España un total de 34.942 transplantes gracias ás 11.829 doazóns de órganos. En España entran cada día, aproximadamente, 8 persoas en lista de espera dun posible transplante.

España segue á cabeza do mundo en doazón de órganos para transplante no que se refire á taxa relativa de poboación, con 34 doazóns, aproximadamente, por cada millón de habitantes, pero isto non evita que as persoas que necesitan un transplante aumenten cada día.

Durante o ano 2000 realizáronse en Galicia un total de 324 transplantes de órganos - 134 de ril, 121 de fígado, 46 de corazón, 17 de pulmón e 6 de páncreas - así como unha grande cantidade de transplantes de tecidos. Estas 324 persoas non estarían entre nós de no ser polas 95 doazóns de órganos realizadas o pasado ano, é dicir, viven gracias a este acto anónimo e altruísta.

A doutora Blanca Miranda, Coordinadora da ONT, declaraba recentemente que cada ano se indican entre 5.500 e 6.000 transplantes de órganos sólidos (corazón, fígado, ril e pulmóns) dos que finalmente se practican entre 3.500 e 3.600. Asemade, afirmaba que na actualidade hai en España, aproximadamente, 5.000 persoas en lista de espera para un posible transplante, a saber, 4.000 persoas para transplante de ril, máis de 550 para un transplante hepático, preto de 100 para cardiaco, máis de 70 para pulmonar e máis de 30 agardan un transplante de páncreas.

Remitíndonos á realidade de Galicia, 400 persoas esperan un transplante de órganos, das cales 300 necesitan un ril, 80 un fígado, 7 un pulmón o corazón e cinco un páncreas, cifras que oscilan diariamente.

A espera media ata que se realiza un transplante oscila dende os dous meses para o corazón, tres meses para un fígado, catro un pulmón y dezaoito meses para un ril.

Ano 2000	doazóns	transplantes	negativas	lista esperaAno 2001
Galicia	95 (34,7 pmp)	324	32,5 %	400
España	1.345 (34 pmp)	3.430	22 %	5.000

Esta esperanzadora realidade ten tamén a súa parte negativa e digna de ser mellorada. No territorio español morren cada ano cerca de 500 pacientes á espera de recibir un transplante, o que supón o 8% do total dos que demandan este tipo de intervención. A realidade da nosa comunidade indica que 7 de cada 10 familias amosan o seu altruísmo aceptando a doazón, o que tamén se pode ler como que temos un 30 % de negativas a doar, isto significa que hai persoas que van morrer por este acto egoísta.

FEITOS DESTACABLES

- A cantidade de mulleres e homes que permanecen con vida en España gracias ós transplantes supera as 20.000 persoas.
- A mortalidade das persoas que esperan un transplante é cada vez menor, situándose arredor do 5%.
- A Insuficiencia Renal Crónica (IRC) aumentou en España un 40% nos últimos oito anos.
- Sen doazóns non hai transplantes: a grande dificultade de atopar donantes vese incrementada polas negativas familiares cara a doazón.
- A lexislación estatal sobre extracción e transplantes imposibilita a reclamación pública de órganos ou emprega-los petitorios como medio de recadación económica. Asemade, non se permite a oferta de compra ou venta de órganos.
- O transplante de órganos asegura o altruísmo da doazón, o acceso ó transplante e a gratuidade para o/a transplantado/a e a familia do doador/a, non existindo ningún tipo de discriminación para o receptor/a nin para o donante.

· Tódalas relixións e credos están a favor da doazón e do transplante de órganos.
· A Saúde, como ben individual e social, non ten prezo. O transplante é económico.
· O transplante é unha técnica habitual nos centros sanitarios, con tódalas vantaxes e inconvenientes que este feito soporta.
· As novas técnicas (farmacoloxía antirechazo, clonación, xenotransplante, asistencia por ordenador...) fanos mirar con esperanza o futuro.

A CONSEGUIR

Os logros obtidos en materia de doazón en Galicia e España son froito da colaboración de profesionais sanitarios, educativos, servicios sociais... das asociacións de doentes, das campañas informativas e dos medios de comunicación.

A SAÚDE como estado completo de benestar físico, mental e social, debe ser responsabilidade de toda a sociedade. O transplante de órganos ten un efecto homoxeneizador nas persoas, failles dispoñer das vantaxes de ter case normalizada a súa vida, mais atópanse con tódolos problemas que tiñan antes de ter perdida a saúde.

Se importante é axudar a que os enfermos recobren a saúde e/ou permitir que sigan vivindo, tamén é primordial o labor a instaurar coas persoas portadoras dun transplante. O traballo con estes colectivos de discapacitados debe ser abordado dende unha perspectiva que permite un desenvolvemento integral en tódolos ámbitos da súa personalidade.

Por iso, dende as Asociacións de Enfermos e Transplantados de Galicia consideramos como indispensable a colaboración sistematizada de tódolos colectivos que traballan na procura dunha máis grande calidade de vida para as persoas necesitadas dun órgano ou que xa o posúen.

Deste xeito, e polo papel que a sociedade nos concede despois de 25 anos de existencia, consideramos fundamentais desenvolve-los seguintes aspectos:

- Xa que o transplante depende na actualidade das doazóns, sería, entón, desexable potenciar aqueles factores que condicionan a disposición persoal cara a doazón (solidariedade, empatía, reciprocidade, coñecemento de transplantados, relixión, idade, nivel socioeconómico...) e incidir naqueles condicionantes contrarios á doazón.
- Potencia-la doazón e o transplante de órganos empregando a vía educativa como alternativa de intervención preferente (Martín, Martínez e López, 1995).
- Elaboración de medidas técnicas: programas e materiais didácticos para a comunidade educativa, campañas divulgativas para colectivos máis concretos e para a poboación, en xeral.
- Aumenta-la calidade e a cantidade dos servicios que atenden ás persoas necesitadas dun transplante ou que xa son portadoras do mesmo.
- Amplia-lo seguimento multiprofesional do colectivo de referencia para, deste xeito, compensa-las eivas que se producen durante unha situación traumática como, por exemplo, o abandono do mundo laboral, unha porcentaxe significativa dos enfermos con IRC e con transplante non realizan actividade laboral remunerada, pasando a ser xubilados anticipados.
- Incrementa-lo investimento para todos aqueles programas que procuren o mantemento e a calidade de vida destas persoas, diversificando os orzamentos naquelas especialidades profesionais que sexan competentes nesta temática.
- Converti-la doazón de órganos como unha actitude habitual, digna de eloxio e recoñecemento social.

UNHA PROPOSTA DE SOLUCIÓN PARA AUMENTA-LA DOAZÓN E O TRANSPLAN TE ÓRGANOS.UN XEITO DE DIMINUÍ-LAS NEGATIVAS.

Xa que logo, o transplante (como tratamento) depende na actualidade das doazóns. Sería, entón, desexable potenciar aqueles factores que condicionan a disposición persoal cara a doazón.
Revisións bibliográficas oportunas (Martín e outros, 1995) atopan relacionadas coa doazón as variables demográficas de elevado nivel socioeconómico, alto nivel educativo e idade (xuventude); tamén incide o grado de información sobre a necesidade e procedementos do transplante, sobre a morte cerebral e o contacto directo con doadores/as, transplantados/as e persoas en lista de espera. Asemade, parece tamén haber unha disposición favorable a partir de constructos como autoestima, aceptación e afrontamento da morte, solidariedade, empatía, conviccións relixiosas...

Nun estudio de ámbito metropolitano realizado pola Facultade de Psicoloxía da Universidade Autónoma de Madrid (Martín e outros, 1991) chégase á conclusión, entre outras, de que sería esencial desenvolver programas informativos sobre a doazón e o transplante destinados á poboación, en xeral, e outros deseñados especificamente para os xoves.

A citada Facultade desenvolve outro estudio posterior de ámbito estatal (Martín, Martínez e López, 1995) no que se relaciona a actitude favorable á doazón coas variables de xuventude, alto nivel de estudios e elevada clase social, polo que son quen de afirma-la validez da vía educativa como alternativa de intervención preferente, decantándose sobre a implantación de programas educativos destinados a nenos/as e xoves como inversión segura a longo prazo.

Parece, entón, que a educación dos posibles doadores/as futuros é a resposta máis eficaz para lograr unha concienciación social conducente a universaliza-la doazón de órganos. A presencia no curriculum escolar da temática relacionada coa doazón e o transplante parece xustificable.

A cooperación de tódalas institucións que teñan como unha das súas finalidades o fomento da doazón e do transplante de órganos e tecidos nunha estructura que permita implantar estas e outras suxestións e que posibilite un maior dinamismo das súas actividades, debe se-lo referente no que debemos deposita-las nosas esperanzas futuras porque

DOAR ÓRGANOS É SALVAR VIDAS.

BIBLIOGRAFÍA

DOAZÓN E TRANSPLANTE DE ÓRGANOS

€ Degos, L.: Los trasplantes de órganos. Debate Dominós. Madrid, 1994.

€ Fojón, S. e outros: Trasplante de corazón, guía del paciente. Xunta de Galicia, Xullo 1996.

€ Levine, D.: Cuidados del paciente renal. Interamericana . McGraw - Hill, México, 1993.

€ Martín, A., Martínez, J.M., López, J.S.: La donación en España: Un estudio sobre los aspectos psicosociales. ONT, pax. 143-160, 1995.

€ Mosquera, F., Rodríguez, R.: Doazón e transplante de órganos. Revista A Saudiña, nº 7: pax. 2, Novembro 2000.

€ Novio, F.: Viejos sueños, realidades presentes. Xanela Aberta. H. Xeral Calde de Burela, nº 12, Outubro 1995.

€ Pérez, J.: El trasplante total. Certeza, Zaragoza, 1998.

€ Ríos Zambudio e outros: Campaña informativa sobre la donación y trasplante de órganos en escolares. Atención Primaria, volumen 21, nº 9, pax. 79-82, Maio, 1998.

€ Calidad de vida del paciente en diálisis. Federación Nacional de ALCER. Madrid, 1997.

€ Don Riñón y sus vicisitudes. Federación Nacional de ALCER. Madrid.

€ Donar órganos es regalar vida. ALCER Cantabria. Santander, 1998.

€ Informes y Documentos de Consenso promovidos por la ONT y la Comisión de Trasplantes del Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Organización Nacional de Trasplantes, Complutense, Marzo 2000.

€ Preguntas e respostas sobre doazón de órganos. Oficina de Coordinación de Transplantes do C. H. J. Canalejo, ALCER Coruña, ATHEGA.

€ Preguntas e respostas sobre doazón e transplante. SERGAS, Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia.

PÁXINAS WEBS RELACIONADAS COA DOAZÓN E TRANSPLANTE

ORGANISMOS ESTATAIS

- www.msc.es/ont (Organización Nacional de Transplantes de España)
- www.trasplan.org (Oficina de Coordinación de Transplantes do Complexo Hospitalario J. Canalejo da Coruña)

www.canalejo.org (Complexo Hospitalario J. Canalejo da Coruña)
www.msc.es (Ministerio de Sanidade e Consumo de España)
www.sergas.es (Servicio Galego de Saúde)
www.donacion.organos.ua.es (Hospital Xeral Universitario de Alicante)
www.gocan.es/psc (Consellería de Sanidade e Consumo. Servicio Canario de Saúde)
www.donantesmálaga.org (Centro Rexional de Transfusión Sanguinea de Málaga. Banco Sectorial de Tecidos)
www.incucai.org.ar (Instituto Nacional Central Único Coordinador de Ablación e Implante de Arxentina)
www.minsal.cl (Ministerio de Saúde de Chile)
www.oei.org.co (Organización de Estados Americanos)

ASOCIACIÓNS SEN FINS DE LUCRO

www.alcer.org/ (Asociación de doentes e transplantados de ril, ámbito estatal)
www.galiciavirtual.net/alcer (Asociación de doentes e transplantados de ril, ámbito galego)
www.canalejo.org/asociaciones/txpulmon (Asociación de enfermos e trasplantados de pulmón)
www.civila.com/atha (Asociación de Transplantados Hepáticos de Asturias)
web.jet.es/atcpasturias (Asociación de Transplantados de Corazón e Pulmón de Asturias)
web.jet.es/franpi (Clube deportivo de transplantados de Cataluña)
www.bme.es/admo (Asociación para la Donación de Médula Ósea)
www.geicities.com/amprac (Asociación Mexicana Protransplante de Ril)

Programación

OUTUBRO

Mércores 3 (19.30 h.)
Acto Público:
"Planta de Gas en Caneliñas"
Participan:
Comitté Cidadan de Emerxencia coa presencia de José M. Gabeiras Montero.

Venres 5 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición :
PATRIMONIO BIBLIOTECA ATENEO
do venres 5 ó mércores 24 de outubro

Mércores 17 (20,30 h.)
XORNADAS:
SOBRE O SECTOR NAVAL

Venres 19 (20,30 h.)
ESCOLA ABERTA DE ARTE

Luns 22 (20,30 h.)
CIRCULO RACINGUISTA
Proxección Cine-Fútbol

Xoves 25 (20,30 h.)
Presentación da Gravación en CD do:
11º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón"

venres 26 (20.30 h.)
Inauguración da Exposicion:
Pinturas de SUSANA BERMEJO

Sábado 27
Excursión á Ribeira do Sil
(Información na Secretaría)

Luns 29 (20.30 h.)
CIRCULO RACINGUISTA
Proxección Cine-Fútbol

NOVEMBRO

Venres 2 (20.30 h.)
Inauguración Exposición
Homenaxe a TOMÁS BARROS
do venres 2 ó xoves 22
Lugar: Centro Cultural Torrente Ballester

Venres 9 (20,30 h.)
Inauguración Exposición de Pinturas:
NATHALIE CARREY TARACIDO
do venres 9 ó venres 23 de novembro

Sábado 10 (20,30 h.)
HOMENAXE a TOMÁS BARROS
Recital de Poesía
Lugar: Centro Cultural Torrente Ballester

Martes 13 (17,30 a 19,30 h.)
Acto Asociación ExAlcoholicos :
"24 horas sen alcohol"
PRESENTACIÓN LIBRO DE POESIA
De CESAR ABELLA
* Pendente concretar datas

SÁBADO 17 (20,30 h.)
HOMENAXE a TOMÁS BARROS
Grupo de Teatro "TALÍA" do I.E.S. S alvador de Madariaga (A Coruña) coa obra: "Cos ollos do morto" de Tomás Barros.
Lugar: Centro Cultural Torrente Ballester

Venres 30 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición de Carteis :
" Eça de QUEIRÓS"
do venres 30 ó xoves 13 de decembro

DECEMBRO

Xoves 5 (20.30 h.)
Inauguración Exposición-Venta Colectiva de Pintura:
do xoves 5 ó venres 4 de xaneiro

XORNADAS DA GAITA
* Pendente concretar datas
CONFERENCIA : SARGADELOS
Por D. Anselmo López Morais (Presidente do Ateneo de Ourense)
* Pendente concretar datas

Venres 14 (20.30 h.)
PRESENTACION:
CADERNO DO ATNEO

VARIOS:

CURSOS E OBRADOIROS:

CURSO DEBUXO E PINTURA :

Imparte: Mª MANUELA
Comenzo : 1 de outubro
Todos os luns e martes de 17,30 a 19,30.

OBRADOIROS PARA NENOS/AS :

6 outubro- Fabricación Marionetas
20 outubro- Manualidades
3 novembro - Figuras material de desfeito
17 novembro - Taller de Coiro
1 decembro - Figuras con vendas de escaiola
15 decembro - Pintado figuras de escaiola

Ó peche da revista estamos a realizar xestións para a organización dunhas xornadas técnicas arredor do SECTOR NAVAL., nas que participarán entidades e institucións relacionadas con esta problemática.

Así mesmo estamos a xestionar unha conferencia co escritor e Premio Nobel: *JOSÉ SARAMAGO.*

Recordar que temos a VENTA por 1500 Pts. a gravacion en Cd do disco:
"4 mulleres": Paloma Suanzes, Julie Guravich, Claudia Campos e María Manuela.

Asemade, algunha das actividades, poderían sufrir algunha alteración de data por mor de non ter pechados tódolos detalles ó cen por cen.

COÑECE O TEU PATRIMONIO

O Ateneo Ferrolán que como proclama o seu lema, é un lugar para a cultura, pretende ademais descubrir e percorrer a cultura doutros lugares.

Por esta razón, e retomando a tradición interrompida durante uns anos de realizar excursións a distintos puntos da nosa terra, é pola que tentamos organizar durante este Curso rutas a distintos puntos de interese da nosa xeografía e da nosa historia tendo en conta, ademais, as suxestións dos nosos socios e socias.

Co título "Coñece o teu patrimonio" temos como obxectivo descubrir os valores paisaxísticos, históricos, monumentais, gastronomicos, etc. Dunha terra, a nosa, que para moitos de nós e aínda unha descoñecida.

So se ama o que se coñece. Querernos, valorarnos, respectarnos como pobo diferenciado é o primeiro paso para valorar e respectar a cultura e a identidade do resto dos pobos do mundo.

O segundo obxectivo que nos plantexamos é de tipo social ou convivencial. Unha xornada de convivencia da lugar a que os socios/as e non socios/as, compartamos un tempo para intercambiar vivencias, proxectos e mesmo para coñecernos.

RUPTURA DE PARELLA: MEDIACIÓN O CAMBIO

Han pasado 20 anos dende a publicación no noso país da lei do divorcio. A lei 30/1981 de 7 de xullo veu dar solución a unha problemática de ruptura de parella que hasta entón non existía en España, a competencia ate esa data era dos Tribunais Eclesiásticos e os Tribunais Civís só coñecían da adopción de medidas provisionais da separación e a posterior execución, unha vez dictadas a sentencia polo Tribunal Eclesiástico.



Nesta época non se contemplaba a posibilidade do mutuo acordo dos conxugues e a separación precisaba da declaración de culpabilidade; igualmente non existía a disolución de vínculo conxugal.

Coa publicación da Constitución en España atribúese competencias nesta materias ós Tribunais Civís. E coa publicación da Lei 30/81 se regulou a separación e o divorcio en España recolléndose xa a posibilidade de que estes fosen contenciosos ou de mutuo acordo, introduciuse o divorcio o que conleva a posibilidade de romper o vínculo e a posibilidade por tanto de contraer novo matrimonio.

Se nun primeiro momento a Lei supuxo un logro, pronto veuse superada pola realidade social o que levouno durante estes anos a que os Tribunais tiveran que elaborar diversos criterios de interpretación das normas para face-las

máis acordes coa realidade que vive actualmente a nosa sociedade.

Se a LEI esixe a causalidade nas demandas contenciosas os Tribunais de forma acertada foron acertando a posibilidade de acordar a separación contenciosa sen ter que acreditar a culpabilidade do conxugue so pola cesación da "afectio maritalis".

Todo elo evolucionou de forma positiva dirixíndose a que nalgún Xulgados a petición de ambos conxugues estase decretando o divorcio de mutuo acordo sen necesidade de excesiva proba, do período previo de separación de feito.


Aquí entramos na gran innovación que supuxo a aparición da figura da "Mediación familiar" no que se busca que a vontade dos conxugues, tras chegar ó convencemento por arte dos mesmos, das súas condicións ara regular a súa vida familiar como mellor medida ara solucionar a súa crise de ruptura familiar.

Esta solución do conflicto por parte dos propios interesados a través dunha mediación estase implantando pouco a pouco no entramado social como unha medida de apio a situación de crise ´pódese comprobar que a través da mediación os conxugues chegaron a importantes e innovadores acordos sobre todo en temas tan cruciais como é o da custodia compartida dos fillos menores de idade. Nos que os conxugues síntanse nun plano de igualdade xa que a adopción que hasta agora viña aplicándose e se aplica de pai custodio e pai visitante fai que os conxugues síntanse nun plano de desigualdade como pai de primeira categoría e ai de segunda categoría cando antes da ruptura a igualdade entre pai e nai era total, parece que polo feito da separación estamos castigando a un deles. A mediación propiciou en temas tan importantes como é o coidado dos fillos o que no acordo dos pais non exista perdedor nin gañador; porque cantas veces escoitamos a unha nai:"Dicir gañei o leito porque me deron a custodia dos meus fillos" ou noutras ocasións escoitamos dicir de forma pexorativa "que faría esta nai ara que lle quiten a custodia dos nenos". O cal significa un estigma para esa nai. Coa mediación e o acordo dos pais desaparecería todo o negativo dado que a solución ó problema sería tomado por ambos conxugues como o viñan facendo con anterioridade á ruptura soamente que a crise emocional ola que nese momento están a pasar está sendo apoiada a través da mediación.
Nos casos que puidemos comprobar e que tratamos de maneira práctica ambos conxugues estableceron a forma e o tempo no que os fillos estarán co pai e coa nai segundo as circunstancias de cada un deles mais sempre nun plano de igualdade que incluso non levou a unha arte dos xuristas a pedir que desapareza o termo garda e custodia e se cambie polo de tempo no que cada conxugue vai ter os fillos.

A cultura de parella mellorou notablemente e nestes 20 anos a sociedade avanzou moito mais deprisa que as leis que a regulan e polo tanto a solución das parellas en crise cambiou a mediación estase abrindo camiño a pasos axigantados e a aberto novos horizontes á hora de regular estas situacións.

A familia cambiou igualmente durante ese tempo mais o cambio non supuxo como pódese comprobar olas estadísticas que é o máis importante na vida dos españois. O que si puidemos comprobar que a familia nunha parte importante da nosa sociedade está composta por familia con dous fogares mais coa mesma validez e adaptada á realidade socia que viven nosos tempos dos fogares onde pode reinar a harmonía e a responsabilidade a cal nos chega a través da mediación.

ASUNCIÓN LÓPEZ ARRANZ
AVOGADA



AMARRADO A UN VIOLÍN

Por Rosa Mª G. De-Cal Y Cortina



Foi nunha pequena praza de Estrasburgo, cerca da Catedral. Alí en aquel primeiro mundo do home branco, paraíso do politicamente correcto, onde conviven os que se supón representan a millóns de europeos que, nun xesto de solidariedade lingüística, falan máis de dez idiomas con traductor simultáneo. Precisamente alí, tiven que topar de narices con el. Non era europeo de primeira, nin de segunda ...era de terceira: un ruso pobre e, entón pensei que cego. Tocaba o violín coa mirada perdida, mentres eu tomaba café cos meus correlixionarios do grupo radical europeo, todos parlamentarios comprometidos pola redención dos máis necesitados e todos vestidos con roupa de deseño exclusivo, porque nós si que éramos exclusivos integrantes do "Club dos Zánganos que parlamentan en Europa para cobrar un montón de euros a fin de mes".

Muller branca, culta, cinco idiomas, 30 anos, politicamente radical e persoalmente satisfeita. Nunca me preguntei como podía ser radical e satisfeita ó mesmo tempo, pero daquela non había sitio na miña orgullosa mente para pensamentos reaccionarios. Na miña Roma natal sempre fomos moi abertos a todas as culturas, incluso ás máis contradictorias. Dese xeito, entón eu podía ser radical, estar satisfeita e ser asquerosamente rica ¿quen mo ía impedir, aquel pobre cego que tocaba, ben por certo, o violín?

Claro, algún contratempo habería que sufrir e eu, aquel día, metín a pata dereita nun inoportuno socavón. Pase que eso ocorrera na miña querida Roma, que leva miles de anos en obras, pero ¡demo que eso ocorra nunha cidade modélica como Estrasburgo¡ ERIK, o meu amante correlixionario, home branco, 35 anos, dirixente dunha multinacional ecoloxista, alemán de Stuttgart, médico que nunca viu un enfermo, nin falta que lle facía para protestar pola desaparición das baleas, diagnosticoume unha contusión sen máis. O caso é que a contusión medrou e tres días despois estaba, esta romana que lles escribe, ingresada nun hospital parisino cun tobiño roto. ¡demo de alemán, como teña o mesmo ollo clínico coas baleas... extínguense de seguro!

Seguridade social francesa, promiscua mestura de enfermos de toda clase e condición. Tiven que compartir ata o peine. O meu teléfono móbil non deixaba de mandar incansablemente a mesma mensaxe: ¡pai, sácame de aquí...! e pai sen cobertura. Os radicais tiñan que regresar a Estrasburgo, non fora que Europa se desmoronase sen eles e o alemán non soportaba o cheiro a enfermo así que tiven que sobrevivir naquela especie de democrático galiñeiro sanitario. O que máis me mortificaba era o deseño do chamado "camisón", que lucíamos os enfermiños, e que semellaba perfectamente estudiado para que todos, tras denodada loita cos cordonciños, acabásemos amosando as posadeiras sen pudor algún.


Foi o meu espírito aventureiro, agudizado diante da adversidade, quen me levou ós sotos daquel hospital. Xa en Estrasburgo demostrara as miñas dotes escapistas, cando as cousas poñíanse feas no Parlamento, así que de súpeto aparecín no depósito de cadáveres, o único lugar que podía despertar o meu durmido interese pola Sanidade Pública. Paolo, o forense, era de nai italiana, profesional onde os haxa, que só falaba de vísceras, sen rubor nin reparo: un fígado cirrótico era o único que merecía a súa conversación. Italiano ó fin, cheguei a soportalas súas invitacións a café nas que me contaba as súas últimas autopsias cun entusiasmo digno de mellor causa.

Ola de frío en Europa, eu suando no Hospital, e Paolo preocupado: non tiña tempo material para facer tantas autopsias a tantos inmigrantes e vagabundos mortos de frío. Trouxéranlle un ruso morto de inanición e frío amarrado a un vello violín, Paolo tivo que facer un grande esforzo para separa-lo cadáver do violín. Algúns dicían que viñera andando dende Austria, o forense non daba creto ó que seus ollos vían; estaba ben que os soldados de Napoleón morreran de frío en Rusia, total, eran franceses, pero un ruso morto de frío en París chocaba coa súa lóxica mortuoria.


Sala mortuoria do Gran Hospital, alí veu o violinista cunha pequena etiqueta nun dedo do pe, chamábase Eugeni Krylenko, branco, 38 anos, de San Petersburgo. Non era cego, faltáballe un ril, non se drogaba nin era alcohólico e chegou a tocar na Orquestra de Bratislava.

Por primeira vez na miña vida algo quitoume o sono, a fame e ata as ganas de vivir. Comprendín que valía cen veces

máis que eu, que Paolo, que o alemán baleeiro, que os radicais europeos. Reclamei os seus restos para incinerar. Cando volvín a camiñar a dúas patas pedinlle a ERIK un barco que tiña amarrado en Montecarlo, no Mediterráneo quedarían as súas cinzas, quizá porque morrera de frío, tiña a corazonada de que alí descansaría en paz. Conservo o violín de Eugeni, mudo coma min.



Debuxos de Pedro Fraga



Jorge Meis

